

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

10142 *Lei 33/2015, do 21 de setembro, pola que se modifica a Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

I

A Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, establece o réxime xurídico básico da conservación, uso sustentable, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade española, como parte do deber de conservar e do obxectivo de garantir os dereitos das persoas a un ambiente adecuado para o seu benestar, saúde e desenvolvemento. Esta lei recolleu as normas e as recomendacións internacionais que se foron sucedendo nas últimas décadas, como as derivadas do Consello de Europa ou o Convenio sobre a diversidade biolóxica, así como a Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres (Directiva de hábitats).

A experiencia adquirida durante os anos de aplicación da Lei 42/2007, do 13 de decembro, puxo de manifesto a necesidade de mellorar certos aspectos da súa aplicación, polo que se modifica con este fin, especialmente no que se refire á xestión dos espazos protexidos.

II

Por outra banda, a presente lei ten por obxecto garantir a correcta aplicación do dereito internacional e a incorporación da normativa da Unión Europea no noso ordenamento xurídico. Neste sentido, as modificacións que introduce a lei van na liña de se adecuar, por unha parte, ao disposto na Convención de Nacións Unidas sobre o dereito do mar, de Montego Bay, do 10 de decembro de 1982, que foi ratificada por España o 20 de decembro de 1996, no Protocolo de Nagoia sobre o acceso aos recursos xenéticos e participación xusta e equitativa nos beneficios que deriven da súa utilización, ratificado por España o 3 de xuño de 2014, e no Regulamento (UE) n.º 511/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, relativo ás medidas de cumprimento dos usuarios do dito protocolo na Unión, por ser a Unión Europea tamén parte contratante do dito protocolo, así como perfeccionar a incorporación da Directiva de hábitats e da Directiva 2009/147/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de novembro de 2009, relativa á conservación das aves silvestres (Directiva de aves) no noso ordenamento xurídico. A este fin responden as modificacións introducidas no artigo 3, no cal se incorporan novas definicións ás xa existentes na Lei 42/2007, do 13 de decembro.

Tamén se persegue incorporar no noso ordenamento xurídico os principais obxectivos da Estratexia da Unión Europea sobre a biodiversidade ata 2020. Con este fin modifícase o artigo 2, relativo aos principios da lei, para incluír por primeira vez os de evitar a perda neta de biodiversidade, así como a prevención dos problemas consecuencia do cambio climático, que se inclúe igualmente como un dos deberes das administracións públicas no artigo 5.

III

Por outra parte, durante toda a lei, inclúense as disposicións necesarias para precisar as competencias que corresponden á Administración xeral do Estado no relativo á xestión do medio mariño. Neste sentido, como regra xeral, as funcións configuradas pola Lei 42/2007, do 13 de decembro, derivadas do artigo 149.1 23.^a da Constitución española, deben ser exercidas polas comunidades autónomas no ámbito terrestre e pola Administración xeral do Estado no ámbito mariño. Esta regra xeral, derivada do concepto de territorialidade das competencias autonómicas, que sentou a doutrina do Tribunal Constitucional, ten unha excepción en materia de espazos ambientalmente protexidos. Segundo a recente Sentenza do Tribunal Constitucional 87/2013, do 11 de abril, «o exercicio da competencia autonómica sobre espazos naturais protexidos no mar territorial é excepcional e só se xustifica cando as propias características e circunstancias do espazo natural que se pretende protexer demanden unha xestión unitaria» (FX 6). Con base na doutrina sentada polo Tribunal Constitucional en reiterada xurisprudencia, como a Sentenza 8/2013, do 17 de xaneiro, a competencia dunha ou doutra Administración vai vir determinada polas características e circunstancias obxectivas do lugar que se pretende protexer, baseadas na mellor evidencia científica. Co fin de precisar na lei as competencias da Administración xeral do Estado no relativo á xestión do medio mariño, modifícanse diversos preceptos da lei, como o artigo 6, relativo ás competencias da Administración xeral do Estado sobre biodiversidade mariña, así como os artigos 25 a 29, 33, 42, 43, 44 e 46 sobre catalogación de hábitats e protección de espazos naturais e engádese unha disposición adicional oitava, sobre o exercicio das competencias da Administración xeral do Estado sobre os espazos, hábitats e especies mariños.

IV

Outro dos obxectivos que persegue a presente lei é a simplificación e axilización dos instrumentos para o coñecemento e a planificación do patrimonio natural e da biodiversidade, regulados no título I da Lei 42/2007, do 13 de decembro.

En relación co Inventario español do patrimonio natural e da biodiversidade, modifícase o artigo 10 para especificar que os indicadores para a elaboración do dito inventario se aprobarán mediante orde ministerial, logo de informe do Consello Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade e da Conferencia Sectorial de Ambiente. Tamén se modifica o artigo 11 co fin de simplificar o contido dos informes anuais sobre o estado do patrimonio natural e da biodiversidade, para que sexan máis sintéticos e que cada seis anos se leve a cabo unha avaliación en profundidade. Desta forma, faise coincidir a periodicidade dos ditos informes co informe que, sobre o estado do patrimonio natural e da biodiversidade, é preceptivo elevar á Comisión Europea cada seis anos.

En relación co Plan estratéxico estatal do patrimonio natural e da biodiversidade, modifícase o artigo 13 co fin de especificar que sexa o propio real decreto polo cal se aproba o plan o que determine o seu período de vixencia. Desta maneira, en caso de se considerar oportuno, poderase adecuar a súa duración aos plans estratéxicos que aproban o Convenio sobre diversidade biolóxica e a Unión Europea.

V

Por outra banda, introdúcese un novo capítulo III, no título I, relativo á Estratexia estatal de infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxicas. Con este novo capítulo preténdese dar cumprimento á Comunicación da Comisión Europea ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións «Infraestrutura verde: mellora do capital natural de Europa» do 6 de maio de 2013, COM (2013) 249 final, e incorporar algúns dos obxectivos da Estratexia da Unión Europea sobre a biodiversidade ata 2020. Prevese a aprobación dunha «Estratexia estatal de infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxicas», que será elaborada de forma conxunta pola Administración xeral do Estado e polas comunidades

autónomas, e que terá por obxectivo marcar as directrices para a identificación e conservación dos elementos do territorio que compoñen a infraestrutura verde do territorio español, terrestre e mariño, e para que a planificación territorial e sectorial que realicen as administracións públicas permita e asegure a conectividade ecolóxica e a funcionalidade dos ecosistemas, a mitigación e adaptación para os efectos do cambio climático, a desfragmentación de áreas estratéxicas para a conectividade e a restauración de ecosistemas degradados.

VI

Por outra banda, a presente lei ten como obxecto fundamental mellorar a xestión dos espazos protexidos e, en particular, dos incluídos na Rede Natura 2000, para garantir a súa mellor protección e adecuación aos fins para os cales foron declarados.

Con este fin e para garantir a función social e pública do patrimonio natural e da biodiversidade, prevese expresamente, no artigo 4, que as obras necesarias para a conservación e restauración dos espazos protexidos, para a conservación de especies ameazadas, ou para a conservación de hábitats en perigo de desaparición, poidan ser declaradas de interese xeral do Estado. Así, equipárase o tratamento das obras de conservación e restauración dos espazos da Rede Natura 2000 e das especies consideradas en situación crítica, ás obras que executa a Administración xeral do Estado noutros ámbitos como o dominio público marítimo-terrestre ou a enxeñaría hidráulica.

Por outra parte, inclúense unha serie de medidas destinadas a fomentar o apoio das administracións públicas ás actividades económicas compatibles coa conservación dos espazos naturais protexidos que contribúan ao benestar das poboacións locais e á creación de emprego. Así, en relación cos monumentos naturais, modifícase o artigo 33, que pasa a ser o artigo 34, para permitir a explotación dos recursos cando sexan plenamente coherentes cos valores que xustificaron a declaración dos espazos como monumento natural.

Polo que se refire especificamente ás medidas de conservación dos espazos incluídos dentro da Rede Natura 2000, engádese un novo punto no novo artigo 42 para incidir no apoio por parte das administracións públicas ás actividades económicas compatibles coa conservación dos espazos da Rede Natura 2000, con especial prioridade para as actividades económicas coherentes cos valores que xustifican a declaración do espazo como Rede Natura 2000.

Así mesmo, modifícase o antigo artigo 45, relativo ás medidas de conservación da Rede Natura 2000, co fin de precisar o ámbito xeográfico e as especies afectadas polas ditas medidas, así como certos aspectos relativos á realización de plans, programas ou proxectos que poidan afectar negativamente os ditos espazos ou as especies en perigo de extinción.

Por outra parte, tamén se modifica o novo artigo 47, relativo á vixilancia e ao seguimento dos espazos protexidos da Rede Natura 2000, co fin de prever a aprobación dunhas directrices comúns en canto á metodoloxía que se aplicará en todo o territorio nacional para a vixilancia e o seguimento dos hábitats e especies de interese comunitario.

VII

Unha das novidades máis importantes que introduce a lei é o novo capítulo VI do título II, relativo á incorporación da información ambiental no Rexistro da Propiedade. Con esta medida, perséguese dotar de maior seguridade xurídica os aspectos relacionados co réxime de propiedade dos espazos protexidos, polo que a información perimetral referida a estes espazos deberá ter o seu reflexo no dito rexistro. Da mesma forma, tamén se prevé que o Catastro Inmobiliario terá acceso á dita información ambiental de conformidade coa súa normativa reguladora.

Desta forma, prevese que o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente manterá actualizado un servizo de mapas en liña que permita identificar e delimitar os ámbitos

espaciais protexidos, así como a importación dos seus datos para seren contrastados cos predios rexistrados na aplicación gráfica do Sistema informático rexistral único.

Perséguese, por tanto, instrumentar un mecanismo de publicidade que aumente a eficacia e a aplicación das normas reforzando a seguridade xurídica do tráfico inmobiliario. Trátase dunha información territorial asociada e que como tal ten un valor simplemente informativo.

VIII

Esta lei prevé unha serie de medidas destinadas a reforzar a responsabilidade das administracións públicas no que se refire á conservación da biodiversidade, regulada no título III. Neste sentido, modifícase o artigo 52, que pasa a ser o novo artigo 54, para garantir que a importación dunha especie alóctona se realice coas garantías suficientes e logo de autorización da Administración ambiental competente, tras a oportuna análise de riscos. Por outra parte, sinálase de forma expresa que as administracións públicas non serán responsables dos danos ocasionados polas especies de fauna silvestre, excepto nos supostos establecidos na normativa sectorial específica.

Ademais, introdúcese un novo artigo 55 referente á reintrodución de especies silvestres extinguidas co fin de prever que estas reintroducións se realicen con todas as garantías.

Modifícase o artigo 56, que pasa a ser o 59, para prever que o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente elabore e aprobe os plans de recuperación e conservación das especies ameazadas mariñas, excepto para as especies ameazadas non altamente migratorias, cuxos hábitats se sitúen exclusivamente en espazos con continuidade ecolóxica do ecosistema mariño respecto do espazo natural terrestre obxecto de protección, avalada pola mellor evidencia científica existente.

Tamén se modifica o artigo 57, que pasa a ser o artigo 60, relativo ás estratexias de conservación de especies ameazadas e de loita contra ameazas para a biodiversidade. Para as especies en situación crítica, prevese que as obras e proxectos encamiñados á recuperación destas especies sexan declaradas de interese xeral e a súa tramitación teña carácter de urxencia. Por outra banda, tamén se prevé neste artigo que o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente aprobará as estratexias de conservación de especies ameazadas mariñas e as de loita contra as ameazas para a biodiversidade mariña.

En canto ao artigo 58, que pasa a ser o 61, engádese unha nova excepción ás prohibicións establecidas no capítulo I do título II, referida ás razóns imperiosas de interese público de primeira orde, co fin de aplicar correctamente o disposto no artigo correspondente da Directiva hábitats, e matízanse certos aspectos da redacción das excepcións para mellorar a incorporación da dita directiva e da Directiva aves no noso ordenamento xurídico. Por outra parte, engádense dous novos puntos, que teñen por obxecto garantir as mellores técnicas dispoñibles en canto a métodos de captura ou marcación de especies e, en especial, no que se refire ao anelamento científico.

Finalmente, tamén se reformula o artigo 60, que pasa a ser o 63, en función do obxectivo que se pretende conseguir, relativo á conservación de material biolóxico e xenético de especies silvestres, en bancos de xermoplasma animal ou vexetal, e se especifican as prioridades de intervención que serán as especies en réxime de protección especial, con especial atención ás especies endémicas ou catalogadas. No dito artigo prevese que as comunidades autónomas manterán un rexistro dos bancos de material biolóxico e xenético de especies silvestres sitios no seu territorio, con información actualizada sobre as coleccións conservadas. Non obstante, cómpre aclarar que o dito rexistro non é o Rexistro de coleccións a que se refire o Regulamento (UE) n.º 511/2014 relativo ao Protocolo de Nagoia, no seu artigo 5.

IX

No que se refire á prevención e ao control das especies exóticas invasoras, modifícase o artigo 61, que pasa a ser o 64, co fin de precisar as circunstancias en que poderán

quedar sen efecto as prohibicións derivadas da inclusión dunha especie no Catálogo de especies exóticas invasoras e, así mesmo, prevese que o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente aprobará as estratexias para as especies exóticas invasoras mariñas. Sobre esta materia, cómpre ter en conta que o 1 de xaneiro de 2015 entrou en vigor o Regulamento (UE) n.º 1143/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de outubro de 2014, sobre a prevención e a xestión da introdución e propagación de especies exóticas invasoras. Ao longo do articulado da lei, e en particular nos artigos 33, 43 e 54, inclúense unha serie de prohibicións que dan cumprimento ao disposto no artigo 7.1 do citado Regulamento (UE) n.º 1143/2014.

Polo que se refire á Rede española de reservas da biosfera, realízanse as modificacións necesarias nos artigos 66 e 67, que pasan a ser os 69 e 70, respectivamente, para adecualos á normativa máis recente que regula as funcións do programa «Persoa e biosfera» (programa MaB) da UNESCO, dando cumprimento, ademais, con isto ao disposto na Sentenza do Tribunal Constitucional 138/2013, do 6 de xuño.

Por outra parte, inclúense unha serie de modificacións encamiñadas á adaptación da normativa nacional ao Protocolo de Nagoia sobre o acceso aos recursos xenéticos e participación xusta e equitativa nos beneficios que deriven da súa utilización, que entrou en vigor o 12 de outubro de 2014 e do cal España é parte contratante desde a súa ratificación o 3 de xuño de 2014, e ao Regulamento (UE) n.º 511/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, relativo ás medidas de cumprimento dos usuarios do dito protocolo na Unión, que tamén o ratificou mediante a Decisión do Consello, do 14 de abril de 2014. Para isto, modifícanse os artigos 68, que pasa a ser o 71, que regula o acceso e uso dos recursos xenéticos procedentes de taxons silvestres, e 70, que pasa a ser o 74, relativo á promoción dos coñecementos tradicionais para a conservación do patrimonio natural e da biodiversidade. Así mesmo, engádese un novo artigo 72, relativo ao control da utilización dos recursos xenéticos.

Hai que ter en conta que as autorizacións recollidas nos novos artigos 55, 56, 60 e 72 están fundamentadas nos propios obxectivos que persegue a lei, entre os cales destaca a conservación do patrimonio natural e da biodiversidade, polo que non se conculcan nin o principio de unidade de mercado nin os de necesidade e proporcionalidade, tal e como recolle o artigo 17 da Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado, xa que se salvagarda o principio de protección do ambiente. É máis, estas autorizacións van precisamente encamiñadas ao cumprimento duns criterios e directrices comúns en todo o territorio nacional, para que a garantía da unidade de mercado quede plenamente garantida e, así mesmo, benefician a competencia xa que se unifican criterios en todo o territorio estatal para unha mellor protección do ambiente. Neste sentido, as homologacións dos métodos de captura de predadores serán únicas a nivel estatal.

En canto ao Fondo para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, modifícase o artigo 74, que pasa a ser o 78, para prever que a Administración xeral do Estado poida executar as accións que se financien con cargo ao Fondo, e suprímese o número 5 por coherencia coa nova estrutura orgánica da Administración xeral do Estado, na cal as competencias en materia de agricultura e ambiente descansan nun mesmo departamento.

Por outra parte, tamén se realizan as adaptacións necesarias nas disposicións do título VI que regulan o réxime sancionador para incluír as infraccións asociadas á utilización dos recursos xenéticos, de acordo co previsto no Regulamento (UE) n.º 511/2014 do Parlamento e do Consello, do 16 de abril de 2014.

Finalmente, tamén se modifican a Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade ambiental, e a Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera, co fin de precisar determinados aspectos concretos de ambas as leis. No caso da Lei 26/2007, do 23 de outubro, modifícase o artigo 2.1.b) da lei co fin de substituír a denominación «estado ecolóxico das augas mariñas» por «estado ambiental das augas mariñas», en coherencia coa regulación do artigo 7.4 da Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección do medio mariño. Tamén se modifica o artigo 45.3 da dita lei para precisar que se aplicará o silencio negativo unha vez transcorrido o prazo máximo previsto no dito

precepto para a resolución do procedemento de exixencia de responsabilidade ambiental, tanto nos casos en que o procedemento se inicie de oficio como por instancia de parte. Con respecto á modificación da Lei 34/2007, do 15 de novembro, modifícase o seu artigo 13.2 co fin de seguir o modelo da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, onde os prazos son lexislación básica de conformidade co artigo 149.1.23.^a da Constitución e se aplica o silencio negativo unha vez transcorrido o prazo máximo para resolver previsto na lei.

Artigo único. *Modificación da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.*

A Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, queda modificada como segue:

Un. O artigo 2 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 2. *Principios.*

Son principios que inspiran esta lei:

- a) O mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais e dos sistemas vitais básicos, apoiando os servizos dos ecosistemas para o benestar humano.
- b) A conservación e a restauración da biodiversidade e da xeodiversidade.
- c) A utilización ordenada dos recursos para garantir o aproveitamento sustentable do patrimonio natural, en particular, das especies e dos ecosistemas, a súa conservación, restauración e mellora, e evitar a perda neta de biodiversidade.
- d) A conservación e preservación da variedade, singularidade e beleza dos ecosistemas naturais, da diversidade xeolóxica e da paisaxe.
- e) A integración dos requisitos da conservación, uso sustentable, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade nas políticas sectoriais e, en particular, na toma de decisións no ámbito político, económico e social, así como a participación xusta e equitativa na repartición de beneficios que deriven da utilización dos recursos xenéticos.
- f) A prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística e os supostos básicos da dita prevalencia.
- g) A precaución nas intervencións que poidan afectar espazos naturais ou especies silvestres.
- h) A garantía da información á cidadanía e concienciación sobre a importancia da biodiversidade, así como a súa participación no deseño e execución das políticas públicas, incluída a elaboración de disposicións de carácter xeral, dirixidas á consecución dos obxectivos desta lei.
- i) A prevención dos problemas emerxentes consecuencia do cambio climático, a mitigación e adaptación a este, así como a loita contra os seus efectos adversos.
- j) A contribución dos procesos de mellora na sustentabilidade do desenvolvemento asociados a espazos naturais ou seminaturais.
- k) A participación dos habitantes e dos propietarios, dos territorios incluídos en espazos protexidos, nas actividades coherentes coa conservación do patrimonio natural e da biodiversidade que se desenvolvan nos ditos espazos e nos beneficios que deriven delas.»

Dous. O artigo 3 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 3. *Definicións.*

Para efectos desta lei entenderase por:

1. Áreas de montaña: territorios continuos e extensos, con altimetría elevada e sostida respecto aos territorios circundantes, cuxas características físicas causan a

aparición de gradientes ecolóxicos que condicionan a organización dos ecosistemas e afectan os seres vivos e as sociedades humanas que nelas se desenvolven.

2. Área crítica para unha especie: aqueles sectores incluídos na área de distribución que conteñan hábitats esenciais para a conservación favorable da especie ou que, pola súa situación estratéxica para ela, requiran o seu adecuado mantemento.

3. Biodiversidade ou diversidade biolóxica: variabilidade dos organismos vivos de calquera fonte, incluídos entre outras cousas, os ecosistemas terrestres e mariños e outros ecosistemas acuáticos, e os complexos ecolóxicos dos cales forman parte; comprende a diversidade dentro de cada especie, entre as especies e dos ecosistemas.

4. Coñecemento tradicional: o coñecemento, as innovacións e prácticas das poboacións locais ligados ao patrimonio natural e á biodiversidade, desenvolvidos desde a experiencia e adaptados á cultura e ao ambiente local.

5. Conservación: mantemento ou restablecemento en estado favorable do patrimonio natural e da biodiversidade, en particular, dos hábitats naturais e seminaturais das poboacións de especies de fauna e de flora silvestres, así como o conxunto de medidas necesarias para conseguilo.

6. Conservación *in situ*: conservación dos ecosistemas e dos hábitats naturais e seminaturais, o mantemento e a recuperación de poboacións viables de especies silvestres nos seus contornos naturais e, no caso das especies domesticadas e cultivadas, nos contornos en que desenvolvesen as súas propiedades específicas.

7. Conservación *ex situ*: conservación de compoñentes da diversidade biolóxica fóra dos seus hábitats naturais.

8. Corredor ecolóxico: territorio, de extensión e configuración variables, que, debido á súa disposición e ao seu estado de conservación, conecta funcionalmente espazos naturais de singular relevancia para a flora ou a fauna silvestres, separados entre si, permitindo, entre outros procesos ecolóxicos, o intercambio xenético entre poboacións de especies silvestres ou a migración de espécimes desas especies.

9. Custodia do territorio: conxunto de estratexias ou técnicas xurídicas a través das cales se implican os propietarios e os usuarios do territorio na conservación e uso dos valores e dos recursos naturais, culturais e paisaxísticos.

10. Ecosistema: complexo dinámico de comunidades vexetais, animais e de microorganismos e o seu medio non vivente que interactúan como unha unidade funcional.

11. Especie autóctona: a existente dentro da súa área de distribución natural.

12. Especie autóctona extinguida: especie autóctona desaparecida no pasado da súa área de distribución natural.

13. Especie exótica invasora: a que se introduce ou establece nun ecosistema ou hábitat natural ou seminatural e que é un axente de cambio e ameaza para a diversidade biolóxica nativa, xa sexa polo seu comportamento invasor ou polo risco de contaminación xenética.

14. Estado de conservación dun hábitat: situación derivada do conxunto das influencias que actúan sobre o hábitat natural ou seminatural de que se trate e sobre as especies típicas asentadas nel e que poden afectar a longo prazo a súa distribución natural, a súa estrutura e funcións, así como a supervivencia das súas especies típicas no territorio.

15. Estado de conservación favorable dun hábitat natural: cando a súa área de distribución natural é estable ou se amplía; a estrutura e funcións específicas necesarias para o seu mantemento a longo prazo existen e poden seguir existindo nun futuro previsible; o estado de conservación das súas especies é favorable.

16. Estado de conservación favorable dunha especie: cando a súa dinámica poboacional indica que segue e pode seguir constituíndo a longo prazo un elemento vital dos hábitats a que pertence; a área de distribución natural non se está reducindo nin hai ameazas de redución nun futuro previsible; existe e probablemente

siga existindo un hábitat de extensión suficiente para manter as súas poboacións a longo prazo.

17. Externalidade: todo efecto producido por unha acción, que non era buscado nos obxectivos desta.

18. Xeodiversidade ou diversidade xeolóxica: variedade de elementos xeolóxicos, incluídos rochas, minerais, fósiles, solos, formas do relevo, formacións e unidades xeolóxicas e paisaxes que son o produto e rexistro da evolución da Terra.

19. Xeoparques ou parques xeolóxicos: territorios delimitados que presentan formas xeolóxicas únicas, de especial importancia científica, singularidade ou beleza e que son representativos da historia evolutiva xeolóxica e dos eventos e procesos que as formaron. Tamén lugares que destacan polos seus valores arqueolóxicos, ecolóxicos ou culturais relacionados coa xea.

20. Hábitats naturais: zonas terrestres ou acuáticas diferenciadas polas súas características xeográficas, abióticas e bióticas, tanto se son enteiramente naturais como seminaturais.

21. Hábitat dunha especie: medio definido por factores abióticos e bióticos específicos onde vive a especie nunha das fases do seu ciclo biolóxico.

22. Instrumentos de xestión: baixo esta denominación inclúese calquera técnica de xestión dun espazo natural e dos seus usos, que fose sometido a un proceso de información pública, fose obxecto dunha aprobación formal e fose publicado.

23. Material xenético: todo material de orixe vexetal, fúnxica, animal, microbiana ou doutro tipo que conteña unidades funcionais da herdanza.

24. Medidas compensatorias: son medidas específicas incluídas nun plan ou proxecto que teñen por obxecto compensar, o máis exactamente posible, o seu impacto negativo sobre a especie ou o hábitat afectado.

25. Obxectivo de conservación dun lugar: niveis poboacionais das diferentes especies, así como superficie e calidade dos hábitats que debe ter un espazo para alcanzar un estado de conservación favorable.

26. Paisaxe: calquera parte do territorio cuxo carácter sexa o resultado da acción e a interacción de factores naturais e/ou humanos, tal como a percibe a poboación.

27. Patrimonio natural: conxunto de bens e recursos da natureza fonte de diversidade biolóxica e xeolóxica, que teñen un valor relevante ambiental, paisaxístico, científico ou cultural.

28. Recursos biolóxicos: os recursos xenéticos, os organismos ou partes deles, as poboacións, ou calquera outro tipo do compoñente biótico dos ecosistemas de valor ou utilidade real ou potencial para a humanidade.

29. Recursos xenéticos: material xenético de valor real ou potencial.

30. Recursos naturais: todo compoñente da natureza, susceptible de ser aproveitado polo ser humano para a satisfacción das súas necesidades e que teña un valor actual ou potencial, tales como: a paisaxe natural, as augas, superficiais e subterráneas; o solo, subsolo e as terras pola súa capacidade de uso maior: agrícolas, pecuarias, forestais, cinxéticas e de protección; a biodiversidade; a xeodiversidade; os recursos xenéticos e os ecosistemas que dan soporte á vida; os hidrocarburos; os recursos hidroenerxéticos, eólicos, solares, xeotérmicos e similares; a atmosfera e o espectro radioeléctrico, os minerais, as rochas e outros recursos xeolóxicos renovables e non renovables.

31. Reservas de biosfera: territorios declarados como tales no seo do programa MaB, da UNESCO, ao cal está adherido o Reino de España, de xestión integrada, participativa e sustentable do patrimonio e dos recursos naturais.

32. Restauración de ecosistemas: conxunto de actividades orientadas a restablecer a funcionalidade e capacidade de evolución dos ecosistemas cara a un estado maduro.

33. Taxon: grupo de organismos con características comúns.

34. Taxon extinguido: taxon autóctono desaparecido no pasado da súa área de distribución natural.

35. Taxons autóctonos: taxons existentes de forma natural nun lugar determinado, incluídos os extinguidos, se é o caso.

36. Uso sustentable do patrimonio natural: utilización dos seus compoñentes dun modo e a un ritmo que non ocasione a súa redución a longo prazo, co cal se manteñen as posibilidades da súa achega á satisfacción das necesidades das xeracións actuais e futuras.

37. Entidade de custodia do territorio: organización pública ou privada, sen ánimo de lucro, que leva a cabo iniciativas que inclúan a realización de acordos de custodia do territorio para a conservación do patrimonio natural e da biodiversidade.

38. Patrimonio xeolóxico: conxunto de recursos naturais xeolóxicos de valor científico, cultural e/ou educativo, xa sexan formacións e estruturas xeolóxicas, formas do terreo, minerais, rochas, meteoritos, fósiles, solos e outras manifestacións xeolóxicas que permiten coñecer, estudar e interpretar: a) a orixe e evolución da Terra; b) os procesos que a modelaron; c) os climas e as paisaxes do pasado e presente, e d) a orixe e evolución da vida.

39. Medio mariño: augas mariñas sometidas a soberanía ou xurisdición española, e o seu leito, subsolo e recursos naturais.

40. Situación crítica dunha especie: situación en que unha especie, de acordo cunha análise de viabilidade demográfica ou de hábitat, ou un diagnóstico realizado con base na mellor información científica dispoñible, se encontra en risco inminente de extinción en estado silvestre.

41. Xardín botánico: institución (pública, privada ou mixta) ou instalación de conservación *ex situ*, que exhibe coleccións científicas de plantas vivas, mantidas, cultivadas e propagadas para o logro simultáneo de obxectivos de estudo, divulgación, ensino e conservación da diversidade vexetal.

42. Solta: liberación de exemplares de especies obxecto de aproveitamento piscícola ou cinexético que, no caso das especies alóctonas non catalogadas como invasoras, só se poderán realizar naqueles tramos de río, lagoa ou pantano, ou terreos cinexéticos nos cales se autorizase este tipo de liberacións antes da entrada en vigor da Lei 42/2007, do 13 de decembro, de patrimonio natural e da biodiversidade, e sempre coa finalidade de capturar os exemplares do medio no prazo de tempo máis breve posible e, en calquera caso, antes de que se poidan naturalizar.

43. Utilización de recursos xenéticos: a realización de actividades de investigación e desenvolvemento sobre a composición xenética e/ou bioquímica de recursos xenéticos, mesmo mediante a aplicación de biotecnoloxía, conforme a definición que se estipula no artigo 2 do Convenio sobre a diversidade biolóxica.»

Tres. O artigo 4 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 4. *Función social e pública do patrimonio natural e da biodiversidade.*

1. O patrimonio natural e a biodiversidade desempeñan unha función social relevante pola súa estreita vinculación co desenvolvemento, a saúde e o benestar das persoas e pola súa achega ao desenvolvemento social e económico.

2. As actividades encamiñadas á consecución dos fins desta lei poderán ser declaradas de utilidade pública ou interese social, para todos os efectos e, en particular, para os expropiatorios, respecto dos bens ou dereitos que poidan resultar afectados.

3. As obras necesarias para a conservación e restauración dos espazos protexidos, para a conservación de especies ameazadas ou para a conservación de hábitats en perigo de desaparición, especialmente as que teñan por obxecto facer fronte a fenómenos catastróficos ou excepcionais, poderán ser declaradas por parte do Estado como de interese xeral, no ámbito das súas competencias, logo do

informe das comunidades autónomas afectadas. Esta declaración realizarase mediante lei estatal.

4. Na planificación e xestión dos espazos protexidos e a conservación dos hábitats e as especies fomentaranse os acordos voluntarios con propietarios e usuarios dos recursos naturais, así como a participación da sociedade civil na conservación da biodiversidade.»

Catro. O artigo 5 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 5. *Deberes dos poderes públicos.*

1. Todos os poderes públicos, nos seus respectivos ámbitos competenciais, velarán pola conservación e a utilización racional do patrimonio natural en todo o territorio nacional, que inclúe o seu medio mariño, así como na zona económica exclusiva e na plataforma continental, con independencia da súa titularidade ou réxime xurídico, tendo en conta especialmente os tipos de hábitats naturais e as especies silvestres en réxime de protección especial.

2. As administracións públicas no seu respectivo ámbito competencial:

a) Promoverán a participación e as actividades que contribúan a alcanzar os obxectivos da presente lei.

b) Desenvolverán e aplicarán incentivos positivos para a conservación e o uso sustentable do patrimonio natural e da biodiversidade, e identificarán e, na medida do posible, eliminarán os incentivos contrarios á súa conservación.

c) Promoverán a utilización de medidas fiscais e outros incentivos económicos para a realización de iniciativas privadas de conservación da natureza, e para a desincentivación daquelas con incidencia negativa sobre a conservación da biodiversidade e o uso sustentable do patrimonio natural.

d) Fomentarán, a través de programas de formación, a educación e a información xeral, con especial atención aos usuarios do territorio nacional e do medio mariño, sobre a necesidade de protexer o patrimonio natural e a biodiversidade.

e) Dotaranse de ferramentas que permitan coñecer o estado de conservación do patrimonio natural e da biodiversidade, e as causas que determinan os seus cambios, para deseñar as medidas que proceda adoptar, incluíndo as de adaptación e mitigación para minimizar os riscos e impactos do cambio climático sobre a biodiversidade e para asegurar a persistencia das especies nun contexto de cambio climático.

f) Integrarán nas políticas sectoriais os obxectivos e as previsións necesarios para a conservación e valoración do patrimonio natural, a protección da biodiversidade e a xeodiversidade, a conservación e o uso sustentable dos recursos naturais, a prevención da fragmentación dos hábitats e o mantemento e, se é o caso, a restauración da integridade dos ecosistemas.

g) Fomentarán o aumento dos coñecementos, a base científica e as tecnoloxías referidas á diversidade biolóxica, os seus valores e funcionamento, o seu estado e tendencias e as consecuencias da súa perda.»

Cinco. O artigo 6 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 6. *Competencias das administracións públicas sobre biodiversidade mariña.*

1. Correspóndelle á Administración xeral do Estado, a través do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, o exercicio das funcións a que se refire esta lei, con respecto a todas as especies, espazos, hábitats ou áreas críticas situados no medio mariño, sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas do litoral.

Así mesmo, correspóndelle á Administración xeral do Estado o exercicio destas funcións na zona económica exclusiva, plataforma continental e espazos situados nos estreitos sometidos ao dereito internacional ou en mar aberto.

2. Correspóndelle á Administración xeral do Estado o establecemento de calquera limitación ou prohibición da navegación marítima e das súas actividades conexas, así como a prevención e a loita contra a contaminación nas augas mariñas obxecto desta disposición.

3. Así mesmo, corresponde á Administración xeral do Estado o exercicio das funcións obxecto dos puntos anteriores deste artigo nos espazos mariños situados nos estreitos sometidos ao dereito internacional ou en mar aberto.

4. Correspóndelles ás comunidades autónomas o exercicio das funcións a que se refire esta lei con respecto a especies (excepto as altamente migratorias) e espazos, hábitats ou áreas críticas situados no medio mariño, cando exista continuidade ecolóxica do ecosistema mariño co espazo natural terrestre obxecto de protección, avalada pola mellor evidencia científica existente.

5. O exercicio das funcións mencionadas no presente artigo exerceraa a Administración competente de acordo cos principios de cooperación e colaboración interadministrativa.»

Seis. Os números 1 e 2 do artigo 9 quedan redactados da seguinte maneira:

«1. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa colaboración das comunidades autónomas e das institucións e organizacións de carácter científico, económico e social, elaborará e manterá actualizado un Inventario español do patrimonio natural e da biodiversidade que recollerá a distribución, abundancia, estado de conservación e a utilización, así como calquera outra información que se considere necesaria, de todos os elementos terrestres e mariños integrantes do patrimonio natural, con especial atención aos que precisen medidas específicas de conservación ou fosen declarados de interese comunitario.

2. O contido e a estrutura do Inventario español do patrimonio natural e da biodiversidade determinaranse regulamentariamente, logo de consulta coas comunidades autónomas, e deberá formar parte del, polo menos, a información relativa:

- 1.º Ao Catálogo español de hábitats en perigo de desaparición.
- 2.º Á Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial, incluíndo o Catálogo español de especies silvestres ameazadas.
- 3.º Ao Catálogo español de especies exóticas invasoras.
- 4.º Ao Inventario español de espazos naturais protexidos, Rede Natura 2000 e áreas protexidas por instrumentos internacionais.
- 5.º Ao Inventario da estatística forestal española.
- 6.º Ao Inventario español de bancos de material xenético referido a especies silvestres.
- 7.º Ao Inventario español de caza e pesca.
- 8.º Ao Inventario español de parques zoolóxicos.
- 9.º Ao Inventario español dos coñecementos tradicionais relativos ao patrimonio natural e á biodiversidade.
- 10.º A un Inventario de lugares de interese xeolóxico representativo de, polo menos, as unidades e os contextos xeolóxicos recollidos no anexo VIII.
- 11.º A un Inventario español de hábitats e especies mariños.
- 12.º A un Inventario español de especies terrestres.»

Sete. O artigo 10 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 10. *Sistema de indicadores.*

No Inventario español do patrimonio natural e da biodiversidade establecerase un Sistema de indicadores para expresar de forma sintética os seus resultados, de forma que poidan ser transmitidos ao conxunto da sociedade, incorporados aos procesos de toma de decisións e integrados a escala supranacional. Os indicadores elaboraranse coa participación das comunidades autónomas e aprobaranse, logo de informe do Consello Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade e da Conferencia Sectorial de Medio Ambiente, mediante orde do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

Os indicadores máis significativos incorporaranse ao Inventario de operacións estatísticas do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e ao Plan estatístico nacional.»

Oito. O artigo 11 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 11. *Informes sobre o estado do patrimonio natural e da biodiversidade.*

Partindo dos datos do Inventario español do patrimonio natural e da biodiversidade, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa colaboración das comunidades autónomas e, se é o caso, doutros órganos da Administración xeral do Estado, elaborará e publicará anualmente un informe cos valores, análises e interpretación dos resultados do Sistema de indicadores. Este informe será presentado á Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade e ao Consello Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, antes de facerse público.

Da mesma forma, realizarase un informe cada seis anos sobre o estado e a evolución do patrimonio natural e da biodiversidade, que conterá tamén unha avaliación dos resultados alcanzados polas principais políticas adoptadas nesta materia. Este informe será presentado ante o Consello Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade e ante a Conferencia Sectorial de Medio Ambiente antes de facerse público.»

Nove. O artigo 13 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 13. *Elaboración e aprobación do Plan estratéxico estatal do patrimonio natural e da biodiversidade.*

1. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, en colaboración co resto dos ministerios e, en especial, co Ministerio de Fomento no que respecta á mariña mercante e ao tránsito e transporte aéreo, e co dito departamento e o Ministerio de Defensa en relación coa xestión do espazo aéreo, elaborará o Plan estratéxico estatal do patrimonio natural e da biodiversidade.

Na elaboración do dito plan participarán, así mesmo, as comunidades autónomas a través da Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, que o elevará, para a súa aprobación, á Conferencia Sectorial de Medio Ambiente.

2. O procedemento de elaboración do plan incluírá necesariamente trámites de información pública e consulta da comunidade científica, dos axentes económicos e sociais, das administracións públicas afectadas e das organizacións sen fins lucrativos que persigan o logro dos obxectivos desta lei.

3. En todo caso, o plan será obxecto da avaliación ambiental prevista na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

4. O plan será aprobado mediante real decreto nun prazo máximo de dous anos, logo do informe do Consello Estatal para o Patrimonio Natural e a

Biodiversidade. O real decreto deberá especificar o período de vixencia do plan, que, en todo caso, non poderá ser superior a dez anos.»

Dez. Engádesse un novo capítulo III, cun novo artigo 15, coa seguinte redacción:

«CAPÍTULO III

Estratexia estatal de infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxicas

Artigo 15. *Do Marco estratéxico da infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxicas.*

1. Para garantir a conectividade ecolóxica e a restauración do territorio español, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa colaboración das comunidades autónomas, a través da Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, e doutros ministerios implicados, elaborará, nun prazo máximo de tres anos contados desde a entrada en vigor da presente lei, unha Estratexia estatal de infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxicas, que incorporará unha cartografía adecuada que permita visualizala graficamente. Esta estratexia, logo do informe do Consello Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade e da Conferencia Sectorial de Medio Ambiente, será aprobada mediante orde conxunta, por proposta dos ministerios que participasen na súa elaboración, e publicada no «Boletín Oficial del Estado».

2. A Estratexia estatal de infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxicas terá por obxectivo marcar as directrices para a identificación e conservación dos elementos do territorio que compoñen a infraestrutura verde do territorio español, terrestre e mariño, e para que a planificación territorial e sectorial que realicen as administracións públicas permita e asegure a conectividade ecolóxica e a funcionalidade dos ecosistemas, a mitigación e adaptación aos efectos do cambio climático, a desfragmentación de áreas estratéxicas para a conectividade e a restauración de ecosistemas degradados.

3. A Estratexia estatal de infraestrutura verde terá en especial consideración, entre outros, os espazos protexidos, hábitats en perigo de desaparición e de especies en perigo de extinción, áreas de montaña, cursos fluviais, zonas húmidas, vías pecuarias, correntes oceánicas, canóns submarinos, as rutas migratorias que faciliten a conectividade e os sistemas de alto valor natural orixinados como consecuencia das boas prácticas aplicadas polos diferentes sectores económicos, así como os hábitats prioritarios para restaurar, os terreos afectados polos bancos de conservación da natureza e os instrumentos utilizados polas administracións competentes na aplicación do Convenio europeo da paisaxe, feito en Florencia o 20 de outubro do ano 2000.

4. Baseándose nas directrices da estratexia estatal, as comunidades autónomas desenvolverán, nun prazo máximo de tres anos contados desde a aprobación da dita estratexia estatal, as súas propias estratexias, que incluírán, polo menos, os obxectivos contidos na estratexia estatal.»

Once. O capítulo III pasa a denominarse capítulo IV.

Doce. Renuméranse os artigos 15 ao 23, que pasan a ser os artigos 16 ao 24, respectivamente.

Trece. Modifícase o número 1 do artigo 17 e inclúese un novo número 4, coa seguinte redacción:

«1. Os plans de ordenación dos recursos naturais son o instrumento específico para a delimitación, tipificación, integración en rede e determinación da súa relación co resto do territorio, dos sistemas que integran patrimonio e os recursos naturais dun determinado ámbito espacial, con independencia doutros instrumentos que

poida establecer a lexislación autonómica. A súa vixencia e prazos de revisión serán definidos pola normativa das comunidades autónomas ou, no ámbito das súas competencias, pola Administración xeral do Estado.»

«4. Os plans de ordenación dos recursos naturais incluírán unha memoria económica das medidas propostas.»

Catorce. Modifícase o artigo 19.4, que queda redactado da seguinte maneira:

«4. Os concellos, no ámbito das súas correspondentes competencias, poderán propoñer excepcións para garantir a prestación dos servizos mínimos previstos no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Estas excepcións deberán estar suficientemente motivadas e someterse á aprobación do órgano competente da comunidade autónoma.»

Quince. Modifícase o artigo 24, que queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 24. *Dos espazos naturais sometidos a réxime de protección preventiva.*

1. Cando, das informacións obtidas pola comunidade autónoma, se deduza a existencia dunha zona ben conservada, ameazada de forma significativa por un factor de perturbación que alterará tal estado, as administracións públicas competentes tomarán as medidas necesarias para eliminar ou reducir o factor de perturbación.

2. En caso de que a eliminación ou redución do factor de perturbación non sexa posible, establecerase un réxime de protección preventiva consistente en:

a) A obriga dos titulares dos terreos de facilitar información e acceso aos axentes da autoridade e aos representantes das comunidades autónomas.

b) Iniciarase de inmediato o Plan de ordenación dos recursos naturais da zona, de non estar xa iniciado.

c) Sen prexuízo da adopción das medidas previstas no artigo anterior desta lei, aplicarase, se é o caso, algún réxime de protección, logo do cumprimento do trámite de audiencia aos interesados, información pública e consulta das administracións afectadas.»

Dezaseis. O artigo 24 pasa a ser artigo 25 e queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 25. *O Catálogo español de hábitats en perigo de desaparición.*

1. Baixo a dependencia do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, con carácter administrativo e ámbito estatal, créase o Catálogo español de hábitats en perigo de desaparición, que se instrumentará regulamentariamente e no cal se incluírán os hábitats en perigo de desaparición, cuxa conservación ou, se é o caso, restauración exixa medidas específicas de protección e conservación, por encontrarse, polo menos, nalgunha das seguintes circunstancias:

1.^a Ter a súa área de distribución moi reducida e en diminución.

2.^a Ter sido destruídos na maior parte da súa área de distribución natural.

3.^a Ter sufrido unha drástica deterioración da súa composición, estrutura e funcións ecolóxicas na maior parte da súa área de distribución natural.

4.^a Encontrarse en alto risco de transformación irreversible a curto ou medio prazo nunha parte significativa da súa área de distribución, incluíndo o risco de transformación debido aos efectos do cambio climático.

2. A inclusión de hábitats no Catálogo español de hábitats en perigo de desaparición levaraa a cabo o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, quer por proposta da Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a

Biodiversidade, logo de iniciativa das comunidades autónomas, quer por proposta do propio ministerio, cando exista información técnica ou científica que así o aconselle.

3. Calquera cidadán ou organización poderá solicitar a iniciación do procedemento de inclusión xuntando á correspondente solicitude unha argumentación científica da medida proposta.»

Dezasete. O artigo 25 pasa a ser artigo 26 e queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 26. *Efectos.*

A inclusión dun hábitat no Catálogo español de hábitats en perigo de desaparición producirá os seguintes efectos:

a) Unha superficie adecuada será incluída nalgún instrumento de xestión ou figura de protección de espazos naturais, nova ou xa existente.

b) A Administración competente definirá e tomará as medidas necesarias para frear a recesión e eliminar o risco de desaparición destes hábitats nos instrumentos de planificación e doutro tipo adecuados a estes fins.»

Dezaioito. O artigo 26 pasa a ser artigo 27 e queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 27. *Estratexias e plans de conservación e restauración.*

1. A Conferencia Sectorial de Medio Ambiente, por proposta da Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade e con informe previo do Consello Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, aprobará estratexias de conservación e restauración dos hábitats en perigo de desaparición.

2. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente aprobará as estratexias de conservación e restauración dos hábitats en perigo de desaparición mariños, excepto para os hábitats que se sitúen exclusivamente en espazos con continuidade ecolóxica do ecosistema mariño respecto do espazo natural terrestre obxecto de protección, avalada pola mellor evidencia científica existente.

3. Estas estratexias, que constituirán o marco orientativo dos plans ou instrumentos de xestión adoptados para a conservación e restauración, incluirán polo menos un diagnóstico da situación e das principais ameazas e os impactos previstos do cambio climático e as accións que se van emprender. Estas estratexias, ou polo menos unha mención de que foron aprobadas, publicaranse no «Boletín Oficial del Estado», con remisión á sede electrónica en que estea publicado o seu contido completo.»

Dezanove. O artigo 27 pasa a ser artigo 28 e queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 28. *Definición de espazos naturais protexidos.*

1. Terán a consideración de espazos naturais protexidos os espazos do territorio nacional, incluídas as augas continentais, e o medio mariño, xunto coa zona económica exclusiva e a plataforma continental, que cumpran polo menos un dos requisitos seguintes e sexan declarados como tales:

a) Conter sistemas ou elementos naturais representativos, singulares, fráxiles, ameazados ou de especial interese ecolóxico, científico, paisaxístico, xeolóxico ou educativo.

b) Estar dedicados especialmente á protección e ao mantemento da diversidade biolóxica, da xeodiversidade e dos recursos naturais e culturais asociados.

2. Os espazos naturais protexidos poderán abranguer no seu perímetro ámbitos terrestres exclusivamente, simultaneamente terrestres e mariños, ou exclusivamente mariños.»

Vinte. O artigo 28 pasa a ser artigo 29 e queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 29. *Contido das normas reguladoras dos espazos protexidos.*

1. As normas reguladoras dos espazos protexidos, así como os seus mecanismos de planificación da xestión, determinarán os instrumentos xurídicos, financeiros e materiais que se consideren precisos para cumprir eficazmente os fins perseguidos coa súa declaración.

2. Se se solapan nun mesmo lugar distintas figuras de espazos protexidos, as súas normas reguladoras e os mecanismos de planificación deberán ser coordinados para unificarse nun único documento integrado, co obxecto de que os diferentes réximes aplicables en función de cada categoría conformen un todo coherente. Constitúen unha excepción ao anterior os supostos en que as distintas figuras de espazos protexidos correspondan a diferentes administracións públicas, sen prexuízo da colaboración interadministrativa pertinente.»

Vinte e un. Os artigos 29, 30 e 31 pasan a ser 30, 31 e 32, respectivamente.

Vinte e dous. Modifícase o artigo 31.4, que queda redactado da seguinte maneira:

«4. Nos parques poderase facilitar a entrada de visitantes coas limitacións precisas para garantir a protección daqueles e os dereitos dos titulares dos terreos situados neles.»

Vinte e tres. O artigo 32 pasa a ser artigo 33 e queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 33. *Áreas mariñas protexidas.*

1. As áreas mariñas protexidas son espazos naturais designados para a protección de ecosistemas, comunidades ou elementos biolóxicos ou xeolóxicos do medio mariño, incluídas as áreas intermareal e submareal que, en razón da súa rareza, fragilidade, importancia ou singularidade, merecen unha protección especial. Estes espazos poderán ser obxecto de incorporación á Rede de áreas mariñas protexidas de España regulada na Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección do medio mariño.

2. Para a conservación das áreas mariñas protexidas e dos seus valores naturais aprobaranse plans ou instrumentos de xestión que establezan, polo menos, as medidas de conservación necesarias e as limitacións de explotación dos recursos naturais que procedan para cada caso e para o conxunto das áreas incorporables á Rede de áreas mariñas protexidas de España.

3. O Plan director da rede de áreas mariñas protexidas de España, regulado no artigo 29 da Lei 41/2010, do 29 de decembro, establecerá os criterios mínimos comúns de xestión aplicables ás áreas mariñas protexidas incluídas na dita rede.»

Vinte e catro. O artigo 33 pasa a ser o artigo 34 e queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 34. *Os monumentos naturais.*

1. Os monumentos naturais son espazos ou elementos da natureza constituídos basicamente por formacións de notoria singularidade, rareza ou beleza, que merecen ser obxecto dunha protección especial.

2. Consideraranse tamén monumentos naturais as árbores senlleiras e monumentais, as formacións xeolóxicas, os xacementos paleontolóxicos e mineralolóxicos, os estratotipos e demais elementos da xea que reúnan un interese especial pola singularidade ou importancia dos seus valores científicos, culturais ou paisaxísticos.

3. Nos monumentos naturais estará limitada a explotación de recursos, salvo cando esta explotación sexa plenamente coherente coa conservación dos valores que se pretenden protexer, conforme o establecido nas súas normas de declaración

ou xestión, ou naqueles casos en que por razóns de investigación ou conservación ou por se tratar de actividades económicas compatibles con mínimo impacto e que contribúan ao benestar socioeconómico ou da poboación se permita a dita explotación, logo da pertinente autorización administrativa.»

Vinte e cinco. Os artigos 34 e 35 pasan a ser 35 e 36, respectivamente.

Vinte e seis. O artigo 36 pasa a ser artigo 37 e queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 37. *Declaración e xestión dos espazos naturais protexidos.*

1. Correspóndelles ás comunidades autónomas a declaración e a determinación da fórmula de xestión dos espazos naturais protexidos no seu ámbito territorial.

2. Correspóndenlle á Administración xeral do Estado a declaración e a xestión dos espazos naturais protexidos no medio mariño, excepto nos casos en que exista continuidade ecolóxica do ecosistema mariño co espazo natural terrestre obxecto de protección, avalada pola mellor evidencia científica existente, caso en que esas funcións corresponderán ás comunidades autónomas.

3. Independentemente da categoría ou figura que se utilice para a súa protección, as limitacións na explotación dos recursos pesqueiros en augas exteriores realizaranse conforme o establecido no artigo 18 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.

4. Nos casos en que un espazo natural protexido se estenda polo territorio de dúas ou máis comunidades autónomas, estas establecerán de común acordo as fórmulas de colaboración necesarias.»

Vinte e sete. Os artigos 37 ao 40 pasan a ser os artigos 38 ao 41, respectivamente.

Vinte e oito. O artigo 41 pasa a ser artigo 42 e queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 42. *Rede Natura 2000.*

1. A Rede ecolóxica europea Natura 2000 é unha rede ecolóxica coherente composta polos lugares de importancia comunitaria (en diante, LIC), ata a súa transformación en zonas especiais de conservación (en diante, ZEC), estas ZEC e as zonas de especial protección para as aves (en diante, ZEPA), cuxa xestión terá en conta as exigencias ecolóxicas, económicas, sociais e culturais, así como as particularidades rexionais e locais.

2. Os LIC, as ZEC e as ZEPA terán a consideración de espazos protexidos, coa denominación de espazo protexido Rede Natura 2000, e co alcance e as limitacións que a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas establezan na súa lexislación e nos correspondentes instrumentos de planificación, sempre nos seus respectivos ámbitos competenciais.

3. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa participación das comunidades autónomas, elaborará e manterá actualizadas, no marco do Plan estratéxico estatal do patrimonio natural e da biodiversidade, unhas directrices de conservación da Rede Natura 2000. Estas directrices constituirán o marco orientativo para a planificación e xestión dos ditos espazos e serán aprobadas mediante acordo da Conferencia Sectorial de Medio Ambiente.

4. Co fin de promover a realización de actividades, coherentes cos valores que xustifican a declaración dos espazos Rede Natura 2000, que contribúan ao benestar das poboacións locais e á creación de emprego, daráselles prioridade a estas actividades, en especial a aquelas dirixidas á conservación ou restauración dos valores naturais do lugar, no acceso a subvencións, cando así o prevexan as correspondentes bases reguladoras. De igual maneira analizarase, no marco das competencias da Administración xeral do Estado e das comunidades autónomas, a posible implantación de bonificacións en taxas, gastos de inscrición rexistral ou cotas patronais da Seguridade Social agraria, nas actividades que sexan en xeral tanto coherentes como compatibles cos valores que xustifican a declaración como

espazos Rede Natura 2000 e contribúan ao benestar das poboacións locais e á creación de emprego.»

Vinte e nove. O artigo 42 pasa a ser artigo 43 e queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 43. *Lugares de importancia comunitaria e zonas especiais de conservación.*

1. Os LIC son aqueles espazos do conxunto do territorio nacional ou do medio mariño, xunto coa zona económica exclusiva e a plataforma continental, aprobados como tales, que contribúen de forma apreciable ao mantemento ou, se é o caso, ao restablecemento do estado de conservación favorable dos tipos de hábitats naturais e dos hábitats das especies de interese comunitario, que figuran, respectivamente, nos anexos I e II desta lei, na súa área de distribución natural.

2. A Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas, no ámbito das súas respectivas competencias e con base nos criterios establecidos no anexo III e na información científica pertinente, elaborarán unha lista de lugares situados nos seus respectivos territorios que poidan ser declarados como zonas especiais de conservación. A proposta, que indicará os tipos de hábitats naturais e as especies autóctonas de interese comunitario existentes nos ditos lugares, someterase ao trámite de información pública. Se, como resultado do trámite de información pública anterior, se leva a cabo unha ampliación dos límites da proposta inicial, esta será sometida a un novo trámite de información pública.

O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente propoñerá a lista á Comisión Europea para a súa aprobación como LIC.

Desde o momento que se envíe ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente a lista dos espazos propostos como LIC, para o seu traslado á Comisión Europea, estes pasarán a ter un réxime de protección preventiva que garanta que non exista unha diminución do estado de conservación dos seus hábitats e especies ata o momento da súa declaración formal. O envío da proposta dun espazo como LIC comportará, no prazo máximo de seis meses, facer público no boletín oficial da Administración competente os seus límites xeográficos, os hábitats e especies polos cales se declararon cada un, os hábitats e especies prioritarios presentes e o réxime preventivo que se lles aplicará.

3. Unha vez aprobadas ou ampliadas as listas de LIC pola Comisión Europea, estes serán declarados polas administracións competentes como ZEC o antes posible e como máximo nun prazo de seis anos, xunto coa aprobación do correspondente plan ou instrumento de xestión. Para fixar a prioridade na declaración destas zonas, atenderase á importancia dos lugares, ao mantemento nun estado de conservación favorable ou ao restablecemento dun tipo de hábitat natural de interese comunitario ou dunha especie de interese comunitario, así como ás ameazas de deterioración e destrución que pesen sobre elas. Todo isto co fin de manter a coherencia da Rede Natura 2000.»

Trinta. O artigo 43 pasa a ser o artigo 44 e queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 44. *Zonas de especial protección para as aves.*

Os espazos do territorio nacional e do medio mariño, xunto coa zona económica exclusiva e a plataforma continental, máis adecuados en número e en superficie para a conservación das especies de aves incluídas no anexo IV desta lei e para as aves migratorias de presenza regular en España, serán declarados como ZEPA e estableceranse neles medidas para evitar as perturbacións e de conservación especiais en canto ao seu hábitat, para garantir a súa supervivencia e reprodución. Para o caso das especies de carácter migratorio que cheguen regularmente ao territorio español e ás augas mariñas sometidas a soberanía ou xurisdición española, teranse en conta as necesidades de protección das súas áreas de reprodución, alimentación, muda, invernada e zonas de descanso, e atribuíráselles

particular importancia ás zonas húmidas e, moi especialmente, ás de importancia internacional.»

Trinta e un. O artigo 44 pasa a ser o artigo 45 e queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 45. *Declaración das zonas especiais de conservación e das zonas de especial protección para as aves.*

A Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas, logo do procedemento de información pública, declararán as ZEC e as ZEPA no ámbito das súas respectivas competencias. Se, como resultado do trámite de información pública anterior, se leva a cabo unha ampliación dos límites da proposta inicial, esta será sometida a un novo trámite de información pública.

Estas declaracións publicaranse nos respectivos diarios oficiais incluíndo información sobre os seus límites xeográficos e os hábitats e especies polos cales se declararon cada un. Destas declaracións daráselle conta ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para efectos da súa comunicación á Comisión Europea, de conformidade co establecido no artigo 10 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.»

Trinta e dous. O artigo 45 pasa a ser artigo 46 e queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 46. *Medidas de conservación da Rede Natura 2000.*

1. Respecto das ZEC e as ZEPA, a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas, no ámbito das súas respectivas competencias, fixarán as medidas de conservación necesarias que respondan ás exixencias ecolóxicas dos tipos de hábitats naturais e das especies presentes en tales áreas, que implicarán:

a) Adecuados plans ou instrumentos de xestión, específicos dos lugares ou integrados noutros plans de desenvolvemento que inclúan, polo menos, os obxectivos de conservación do lugar e as medidas apropiadas para manter os espazos nun estado de conservación favorable. Estes plans deberán ter en especial consideración as necesidades daqueles municipios incluídos na súa totalidade ou nunha gran porcentaxe do seu territorio nestes lugares, ou con limitacións singulares específicas ligadas á xestión do lugar.

b) Apropriadas medidas regulamentarias, administrativas ou contractuais.

2. Igualmente, as administracións competentes tomarán as medidas apropiadas, en especial nos ditos plans ou instrumentos de xestión, para evitar nos espazos da Rede Natura 2000 a deterioración dos hábitats naturais e dos hábitats das especies, así como as alteracións que repercutan nas especies que motivasen a designación destas áreas, na medida en que as ditas alteracións poidan ter un efecto apreciable no que respecta aos obxectivos da presente lei.

3. Os órganos competentes, no marco dos procedementos previstos na lexislación de avaliación ambiental, deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a deterioración, a contaminación e a fragmentación dos hábitats e as perturbacións que afecten as especies fóra da Rede Natura 2000, na medida en que estes fenómenos teñan un efecto significativo sobre o estado de conservación dos ditos hábitats e especies.

4. Calquera plan, programa ou proxecto que, sen ter relación directa coa xestión do lugar ou sen ser necesario para ela, poida afectar de forma apreciable as especies ou hábitats dos citados espazos, xa sexa individualmente ou en combinación con outros plans, programas ou proxectos, someterase a unha adecuada avaliación das súas repercusións no espazo, que se realizará de acordo coas normas que sexan de aplicación, de acordo co establecido na lexislación

básica estatal e nas normas adicionais de protección ditadas polas comunidades autónomas, tendo en conta os obxectivos de conservación do dito espazo. Á vista das conclusións da avaliación das repercusións no espazo e supeditado ao disposto no número 5, os órganos competentes para aprobar ou autorizar os plans, programas ou proxectos só poderán manifestar a súa conformidade con eles tras se ter asegurado de que non causará prexuízo á integridade do espazo en cuestión e, se procede, tras telo sometido a información pública. Os criterios para a determinación da existencia de prexuízo á integridade do espazo serán fixados mediante orde do ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, oída a Conferencia Sectorial de Medio Ambiente.

5. Se, malia as conclusións negativas da avaliación das repercusións sobre o lugar e a falta de solucións alternativas, debe realizarse un plan, programa ou proxecto por razóns imperiosas de interese público de primeira orde, incluídas razóns de índole social ou económica, as administracións públicas competentes tomarán cantas medidas compensatorias sexan necesarias para garantir que a coherencia global de Natura 2000 quede protexida.

A concorrencia de razóns imperiosas de interese público de primeira orde só se poderá declarar para cada suposto concreto:

- a) Mediante unha lei.
- b) Mediante acordo do Consello de Ministros, cando se trate de plans, programas ou proxectos que deban ser aprobados ou autorizados pola Administración xeral do Estado, ou do órgano de Goberno da comunidade autónoma. Este acordo deberá ser motivado e público.

A adopción das medidas compensatorias levarase a cabo, se é o caso, durante o procedemento de avaliación ambiental de plans e programas e de avaliación de impacto ambiental de proxectos, de acordo co disposto na normativa aplicable. Estas medidas aplicaranse na fase de planificación e execución que determine a avaliación ambiental.

As medidas compensatorias adoptadas serán remitidas, pola canle correspondente, á Comisión Europea.

6. En caso de que o lugar considerado albergue un tipo de hábitat natural e/ou unha especie prioritaria, sinalados como tales nos anexos I e II, unicamente se poderán alegar as seguintes consideracións:

- a) As relacionadas coa saúde humana e a seguridade pública.
- b) As relativas a consecuencias positivas de primordial importancia para o ambiente.
- c) Outras razóns imperiosas de interese público de primeira orde, logo de consulta á Comisión Europea.

7. A realización ou execución de calquera plan, programa ou proxecto que poida afectar de forma apreciable especies incluídas nos anexos II ou IV que fosen catalogadas, no ámbito estatal ou autonómico, como en perigo de extinción, unicamente se poderá levar a cabo cando, en ausencia doutras alternativas, concorran causas relacionadas coa saúde humana e a seguridade pública, as relativas a consecuencias positivas de primordial importancia para o ambiente ou outras razóns imperiosas de interese público de primeira orde. A xustificación do plan, programa ou proxecto e a adopción das correspondentes medidas compensatorias levarase a cabo conforme o previsto no número 5, salvo polo que se refire á remisión das medidas compensatorias á Comisión Europea.

8. Desde o momento en que o lugar figure na lista de LIC aprobada pola Comisión Europea, este quedará sometido ao disposto nos números 4, 5 e 6 deste artigo.

9. Desde o momento da declaración dunha ZEPA, esta quedará sometida ao disposto nos números 4 e 5 deste artigo.»

Trinta e tres. O artigo 46 pasa a ser artigo 47 e queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 47. *Coherencia e conectividade da Rede.*

Co fin de mellorar a coherencia ecolóxica e a conectividade da Rede Natura 2000, as administracións, tendo en conta o disposto no artigo 15, fomentarán a conservación de corredores ecolóxicos e a xestión daqueles elementos da paisaxe e áreas terrestres e mariñas que resulten esenciais ou revistan primordial importancia para a migración, a distribución xeográfica e o intercambio xenético entre poboacións de especies de fauna e flora silvestres, tendo en conta os impactos futuros do cambio climático.»

Trinta e catro. O artigo 47 pasa a ser artigo 48, e queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 48. *Vixilancia e seguimento.*

1. A Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas, no ámbito das súas respectivas competencias, vixiarán o estado de conservación dos tipos de hábitats e as especies de interese comunitario, tendo especialmente en conta os tipos de hábitats naturais prioritarios e as especies prioritarias, así como de conservación das especies de aves que se enumeran no anexo IV. A Conferencia Sectorial de Medio Ambiente, por proposta da Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, oído o Consello Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, aprobará unhas directrices para establecer a metodoloxía común e as características deste seguimento.

2. As comunidades autónomas remitirán ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente información sobre os cambios no estado de conservación e as medidas de conservación a que se refire o artigo 46.1, a avaliación dos seus resultados e as propostas de novas medidas para aplicar, para efectos do seu reflexo no Inventario español do patrimonio natural e da biodiversidade e para que o dito ministerio poida remitir á Comisión Europea os informes nacionais exixidos polas directivas europeas.»

Trinta e cinco. O artigo 48 pasa a ser artigo 49.

Trinta e seis. Os artigos 49 a 51 pasan a ser 50 a 52.

Trinta e sete. Engádesse un capítulo VI coa seguinte redacción:

«CAPÍTULO VI

Información ambiental no Rexistro da Propiedade

Artigo 53. *Incorporación da información xeográfica ao Rexistro da Propiedade.*

1. A información perimetral referida a espazos naturais protexidos, Rede Natura 2000, os montes de utilidade pública e os dominios públicos das vías pecuarias e zonas incluídas no Inventario español de zonas húmidas, integradas no Inventario español do patrimonio natural e da biodiversidade, quedará sempre incorporada ao sistema de información xeográfica do predio rexistral, de acordo co disposto na lexislación hipotecaria.

2. Para tales efectos, e con independencia doutros instrumentos ou sitios electrónicos de información ambiental que poidan establecer as comunidades autónomas no marco das súas competencias, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente manterá actualizado un servizo de mapas en liña coa representación gráfica xeorreferenciada e metadatada, que permita identificar e delimitar os ámbitos espaciais protexidos a que se refire o punto anterior, así como a importación dos seus datos para que poidan ser contrastados cos predios rexistrais na aplicación do sistema informático rexistral único. O procedemento de comunicación entre os respectivos sistemas

de información xeográfica determinarase mediante orde ministerial conxunta do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e do Ministerio de Xustiza.

3. En toda información rexistral, así como nas notas de cualificación ou despacho referidas a predios que, segundo os sistemas de xeorreferenciación de predios rexistrais, intersecten ou estremen con ámbitos espaciais suxeitos a algún tipo de determinación ambiental, conforme a documentación recollida no punto anterior, poñerase de manifesto tal circunstancia como información territorial asociada e con efectos simplemente informativos, e recomendarase en calquera caso, ademais, a consulta coas autoridades ambientais competentes.

4. Igualmente, o Catastro Inmobiliario terá acceso á información a que se refire o ordinal segundo, nos termos previstos nesta lei, de conformidade co disposto na súa normativa reguladora.»

Trinta e oito. O artigo 52 pasa a ser artigo 54 e queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 54. *Garantía de conservación de especies autóctonas silvestres.*

1. A Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas, no ámbito das súas respectivas competencias, adoptarán as medidas necesarias para garantir a conservación da biodiversidade que vive en estado silvestre, atendendo preferentemente á preservación dos seus hábitats e establecendo réximes específicos de protección para aquelas especies silvestres cuxa situación así o requira, incluíndoas nalgunha das categorías mencionadas nos artigos 56 e 58 desta lei.

Igualmente, deberán adoptar as medidas que sexan pertinentes para que a recollida na natureza de espécimes das especies de fauna e flora silvestres de interese comunitario, que se enumeran no anexo VI, así como a xestión da súa explotación, sexan compatibles co seu mantemento nun estado de conservación favorable.

2. A Administración xeral do Estado prohibirá a importación ou introdución de especies ou subespecies alóctonas cando estas sexan susceptibles de competir coas especies silvestres autóctonas, alterar a súa pureza xenética ou os equilibrios ecolóxicos.

3. A importación ou introdución no territorio nacional dunha especie alóctona que podería concorrer potencialmente nas circunstancias descritas no punto anterior estará supeditada á obtención dunha autorización administrativa por parte do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, sen prexuízo dos demais requisitos recollidos na normativa sectorial correspondente.

O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente elaborará, no prazo máximo dun ano, unha listaxe en que, con base na información técnica e científica existente, se incluírán os taxons alóctonos susceptibles de competir coas especies silvestres autóctonas, alterar a súa pureza xenética ou os equilibrios ecolóxicos.

Esta listaxe será publicada e actualizada na sede electrónica do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

4. Tras a publicación da listaxe prevista no punto anterior, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente só autorizará a importación no territorio nacional dunha especie incluída na dita listaxe cando, na primeira importación solicitada, comprobe mediante a avaliación dunha análise de risco presentada polo operador que a especie non é susceptible de incorrer nas circunstancias descritas no número 2. Cando a análise de risco desa primeira solicitude sexa favorable á importación, non será necesario solicitar autorizacións desta índole para importacións posteriores, salvo que novas razóns de índole científica debidamente fundadas aconsellen sometela de novo a unha análise de risco.

O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente manterá actualizado na súa sede electrónica un rexistro das especies que fosen obxecto destas análises de riscos e do seu resultado.

5. Queda prohibido dar morte, danar, molestar ou inquietar intencionadamente os animais silvestres, sexa cal sexa o método empregado ou a fase do seu ciclo biolóxico.

Esta prohibición inclúe a súa retención e captura en vivo, a destrución, dano, recolección e retención dos seus niños, das súas crías ou dos seus ovos, estes últimos mesmo estando baleiros, así como a posesión, transporte, tráfico e comercio de exemplares vivos ou mortos ou dos seus restos, incluíndo o comercio exterior.

Para as especies de animais non comprendidos nalgunha das categorías definidas nos artigos 56 e 58, estas prohibicións non se aplicarán nos supostos con regulación específica, en especial na lexislación de montes, caza, agricultura, sanidade e saúde públicas, pesca continental e pesca marítima, ou nos supostos regulados pola Administración xeral do Estado ou as comunidades autónomas, no ámbito das súas competencias, para a súa explotación, de maneira compatible coa conservación desas especies.

6. Sen prexuízo dos pagamentos compensatorios que, se é o caso, se poidan establecer por razóns de conservación, con carácter xeral, as administracións públicas non son responsables dos danos ocasionados polas especies de fauna silvestre, excepto nos supostos establecidos na normativa sectorial específica.»

Trinta e nove. Engádesse un artigo 55 coa seguinte redacción:

«Artigo 55. *Reintrodución de especies silvestres autóctonas extinguidas.*

1. As administracións públicas promoverán a reintrodución das especies da fauna e flora silvestres autóctonas extinguidas, incluíndo aquelas desaparecidas de todo o medio natural español en tempos históricos, sobre as cales existan referencias escritas fidedignas, e das cales aínda existan poboacións noutros lugares ou en cativeiro, especialmente cando estas reintroducións contribúan ao restablecemento do estado de conservación favorable de especies ou hábitats de interese comunitario.

A Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade elevará, antes do 31 de decembro de 2017, á Conferencia Sectorial de Medio Ambiente, logo de consulta ao Consello Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade e, se é o caso, ao comité científico da Listaxe e Catálogo español de especies ameazadas, unha listaxe de especies extinguidas en todo o medio natural español. Esta listaxe será publicada no «Boletín Oficial del Estado». Non se poderán autorizar proxectos de reintrodución de especies non presentes en estado silvestre no territorio español que non estean incluídas na citada listaxe.

2. Calquera Administración pública, ou calquera persoa física ou xurídica de dereito privado, poderá solicitar á dirección xeral competente en medio natural do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente a iniciación do procedemento de inclusión dunha especie nesta listaxe, e xuntará á correspondente solicitude unha argumentación científica xustificativa do seu carácter autóctono e da súa presenza estable en estado silvestre no territorio español de forma previa á súa extinción.

3. Os proxectos de reintrodución de especies silvestres autóctonas extinguidas poderán ser executados polas administracións públicas, ou por calquera persoa física ou xurídica de dereito privado, logo do informe favorable ao proxecto emitido pola Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, e a autorización preceptiva da Administración xeral do Estado ou da comunidade autónoma, nos seus respectivos ámbitos competenciais, tendo en conta as condicións técnicas establecidas nas directrices técnicas sobre a materia aprobadas pola Conferencia Sectorial de Medio Ambiente, e tras contar cunha adecuada participación e

audiencia públicas nos termos da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente.

4. No caso da reintrodución de especies silvestres autóctonas extinguidas do medio natural español, incluídas na listaxe prevista no número 1, ou aínda presentes en España en estado silvestre pero extinguidas nun determinado ámbito territorial e que sexan susceptibles de estenderse por outra ou outras comunidades autónomas nas cales a especie obxectivo non está presente na actualidade, deberase elaborar un proxecto de reintrodución, que deberá recibir o informe favorable da Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade e, en todo caso, autorización preceptiva da Administración xeral do Estado ou da comunidade autónoma, nos seus respectivos ámbitos competenciais.

No caso de proxectos de reintrodución de especies silvestres autóctonas extinguidas aínda presentes en España en estado silvestre pero extinguidas nun determinado ámbito territorial e que non sexan susceptibles de estenderse por outra ou outras comunidades autónomas nas cales a especie obxectivo non está presente na actualidade, os proxectos unicamente deberán comunicarse, para coñecemento, á Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, e deberase contar, en todo caso, con autorización preceptiva da Administración xeral do Estado ou da comunidade autónoma, nos seus respectivos ámbitos competenciais.

5. Poderase prever a realización de reintroducións experimentais de especies silvestres autóctonas extinguidas que non sexan esenciais para a conservación de tal especie para comprobar que a dita especie reintroducida se integra no ecosistema e queda demostrada a súa compatibilidade coas especies silvestres presentes e coas actividades humanas existentes na zona. Se non se produce a dita integración, e logo de xustificación suficientemente documentada e comunicación á Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, as poboacións experimentais non esenciais poderán ser parciais ou totalmente retiradas ou eliminadas do medio natural.

6. No suposto de reintroducións ilegais, a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas, no marco das súas competencias, impulsarán as accións necesarias para revertir a situación á existente con anterioridade á da reintrodución ilegal, coa erradicación dos exemplares liberados e dos seus descendentes.»

Corenta. O artigo 53 pasa a ser 56 e queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 56. *Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial.*

1. Créase a Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial, que se instrumentará regulamentariamente, logo de consulta ás comunidades autónomas, e que incluírá especies, subespecies e poboacións que sexan merecedoras dunha atención e protección particular en función do seu valor científico, ecolóxico, cultural, pola súa singularidade, rareza ou grao de ameaza, así como aquelas que figuren como protexidas nos anexos das directivas e dos convenios internacionais ratificados por España.

A listaxe terá carácter administrativo e ámbito estatal, e dependerá do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

2. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente levará a cabo a inclusión, cambio de categoría ou exclusión dun taxon ou poboación nesta listaxe cando exista información técnica ou científica que así o aconselle:

- a) Por proposta da Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, logo da iniciativa das comunidades autónomas, ou
- b) De oficio.

Cando se trate de taxons ou poboacións protexidas nos anexos das normas ou decisións da Unión Europea, como os que se enumeran no anexo V, ou nos

instrumentos internacionais ratificados por España, a inclusión na listaxe producirase de oficio por parte do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, notificando previamente tal inclusión á Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade.

Calquera cidadán ou organización poderá solicitar a iniciación do procedemento de inclusión, cambio de categoría ou exclusión xuntando á correspondente solicitude unha argumentación científica da medida proposta.

3. A inclusión dun taxon ou poboación na Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial comportará a avaliación periódica do seu estado de conservación.

4. As comunidades autónomas, nos seus respectivos ámbitos territoriais, poderán establecer listaxes de especies silvestres en réxime de protección especial, en que se determinen as prohibicións e actuacións suplementarias que se consideren necesarias para a súa preservación ou co fin de establecer un maior grao de protección.»

Corenta e un. O artigo 54 pasa a ser artigo 57 e queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 57. *Prohibicións e garantía de conservación para as especies incluídas na Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial.*

1. A inclusión na Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial dunha especie, subespecie ou poboación comporta as seguintes prohibicións xenéricas:

a) Tratándose de plantas, fungos ou algas, a de recollelas, cortalas, mutilalas, arrincalas ou destruílas intencionadamente na natureza.

b) Tratándose de animais, incluídas as súas larvas, crías ou ovos, a de calquera actuación feita co propósito de darlles morte, capturalos, perseguilos ou molestalos, así como a destrución ou deterioración dos seus niños, tobos e lugares de reprodución, invernada ou repouso.

c) En ambos os dous casos, a de posuír, naturalizar, transportar, vender, comerciar ou intercambiar, ofertar con fins de venda ou intercambio, importar ou exportar exemplares vivos ou mortos, así como os seus propágulos ou restos, salvo nos casos en que estas actividades, dunha forma controlada pola Administración, poidan resultar claramente beneficiosas para a súa conservación, nos casos que regulamentariamente se determinen.

Estas prohibicións aplicaranse a todas as fases do ciclo biolóxico destas especies, subespecies ou poboacións.

2. A Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas, no ámbito das súas respectivas competencias, establecerán un sistema de control de capturas ou mortes accidentais e, a partir da información recollida nel, adoptarán as medidas necesarias para que estas non teñan repercusións negativas importantes nas especies incluídas na Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial e se minimicen no futuro.»

Corenta e dous. O artigo 55 pasa a ser o artigo 58.

Corenta e tres. O artigo 56 pasa a ser o artigo 59 e queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 59. *Efectos da inclusión no Catálogo español de especies ameazadas.*

1. No que se refire ao Catálogo español de especies ameazadas:

a) A inclusión dun taxon ou poboación na categoría de «en perigo de extinción» comportará, nun prazo máximo de tres anos, a adopción dun plan de recuperación

que inclúa as medidas máis adecuadas para o cumprimento dos obxectivos buscados e, se é o caso, a designación de áreas críticas.

Nas áreas críticas e nas áreas de potencial reintrodución ou expansión destes taxons ou poboacións definidas como tales nos plans de recuperación fixaranse medidas de conservación e instrumentos de xestión, específicos para estas áreas ou integrados noutros plans, que eviten as afeccións negativas para as especies que motivasen a designación desas áreas.

b) A inclusión dun taxon ou poboación na categoría de «vulnerable» comportará a adopción, nun prazo máximo de cinco anos, dun plan de conservación que inclúa as medidas máis adecuadas para o cumprimento dos obxectivos buscados.

c) Para aqueles taxons ou poboacións que comparten os mesmos problemas de conservación ou ámbitos xeográficos similares, poderanse elaborar plans que abarquen varios taxons ou poboacións simultaneamente.

d) Para as especies ou poboacións que vivan exclusivamente ou en alta proporción en espazos naturais protexidos, Rede Natura 2000 ou áreas protexidas por instrumentos internacionais, os plans poderanse integrar nas correspondentes figuras de planificación e xestión dos ditos espazos.

2. As comunidades autónomas elaborarán e aprobarán os plans de conservación e de recuperación para as especies ameazadas terrestres.

3. No caso das especies mariñas, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente elaborará e aprobará os plans de recuperación e conservación, mediante orde ministerial, que serán coherentes cos instrumentos de protección previstos na Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección do medio mariño, excepto para as especies ameazadas non altamente migratorias cuxos hábitats se sitúen exclusivamente en espazos con continuidade ecolóxica do ecosistema mariño respecto do espazo natural terrestre obxecto de protección, avalada pola mellor evidencia científica existente.

4. Sen prexuízo da normativa sanitaria vixente, o traslado ou movemento internacional de exemplares vivos de especies incluídas no Catálogo español de especies ameazadas deberá contar cunha autorización previa da comunidade autónoma, logo do informe da dirección xeral competente do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente. No caso das especies mariñas de competencia estatal, a dita autorización será emitida polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.»

Corenta e catro. O artigo 57 pasa a ser artigo 60 e queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 60. *Estratexias de conservación de especies ameazadas e de loita contra ameazas para a biodiversidade. Situación crítica dunha especie.*

1. A Conferencia Sectorial de Medio Ambiente, por proposta da Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, e logo do informe do Consello Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, aprobará as estratexias de conservación de especies ameazadas presentes en máis dunha comunidade autónoma, ou aquelas que resultan clave para o funcionamento dos ecosistemas presentes en máis dunha comunidade autónoma, e as estratexias de loita contra as principais ameazas para a biodiversidade, e daralles prioridade a aquelas que afecten maior número de especies incluídas no Catálogo español de especies ameazadas, como o uso ilegal de substancias tóxicas, a electrocución e a colisión con tendidos eléctricos ou parques eólicos, ou o plumbismo. Estas estratexias, ou polo menos unha mención de que foron aprobadas, publicaranse no «Boletín Oficial del Estado», con remisión á sede electrónica na cal estea publicado o seu contido completo.

Estas estratexias, que constituirán o marco orientativo dos plans de recuperación e conservación, incluirán, polo menos, un diagnóstico da situación e das principais

ameazas para as especies, e as accións que se emprenderán para a súa recuperación.

2. Cando, do seguimento ou avaliación do estado de conservación dunha especie en perigo de extinción, se deduza que existe un risco inminente de extinción, o ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, logo do informe da Conferencia Sectorial de Medio Ambiente, poderá declarar a situación crítica desa especie. Esta declaración terá como consecuencia que as obras e os proxectos encamiñados á recuperación destas especies terán a consideración de interese xeral e a súa tramitación terá carácter de urxencia.

Nestes casos, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente coordinará, no seo dun grupo de traballo constituído por, polo menos, un representante do dito ministerio e de cada unha das comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía da área de distribución da especie, as actuacións que realizará cada Administración no ámbito das súas competencias.

3. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente aprobará as estratexias de conservación de especies ameazadas mariñas e as de loita contra as ameazas para a biodiversidade mariña, e daralles prioridade a aquelas que afecten maior número de especies incluídas no Catálogo español de especies ameazadas, como a captura accidental por artes de pesca, a colisión con embarcacións ou o ruído submarino.»

Corenta e cinco. O artigo 58 pasa a ser o artigo 61 e queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 61. *Excepcións.*

1. As prohibicións establecidas neste capítulo poderán quedar sen efecto, logo de autorización administrativa da comunidade autónoma ou da Administración xeral do Estado, no ámbito das súas competencias, se non houber outra solución satisfactoria e sen que isto supoña prexudicar o mantemento nun estado de conservación favorable das poboacións de que se trate, na súa área de distribución natural, cando concorran algunha das circunstancias seguintes:

a) Se da súa aplicación derivan efectos prexudiciais para a saúde e seguridade das persoas.

b) Para previr prexuízos importantes aos cultivos, ao gando, aos bosques, á pesca e á calidade das augas. Salvo no caso das aves, tamén se poderá aplicar esta excepción en caso de prexuízo importante a outras formas de propiedade.

c) Por razóns imperiosas de interese público de primeira orde, incluídas as de carácter socioeconómico e consecuencias beneficiosas de importancia primordial para o ambiente. Esta excepción non será de aplicación no caso das aves.

d) Cando sexa necesario por razón de investigación, educación, repoboación ou reintrodución, ou cando se precise para a cría en cativeiro orientada a estes fins.

e) No caso das aves, para previr accidentes en relación coa seguridade aérea.

f) Para permitir, en condicións estritamente controladas e mediante métodos selectivos, a captura, retención ou calquera outra explotación prudente de determinadas especies non incluídas na Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial, en pequenas cantidades e coas limitacións precisas para garantir a súa conservación.

g) Para protexer a flora e a fauna silvestres e os hábitats naturais.

2. Nos supostos de aplicación do último inciso do número 1, letra b), e do número 1, letra c), as administracións competentes especificarán as medidas mediante as cales quedará garantido o principio de non perda neta de biodiversidade, previsto no artigo 2.c), xa sexa mediante a figura dos bancos de conservación, xa sexa mediante a adopción doutros instrumentos.

3. Nos supostos previstos no número 1, letra d), aplicarase o disposto no Real decreto 53/2013, do 1 de febreiro, polo que se establecen as normas básicas aplicables para a protección dos animais utilizados en experimentación e outros fins científicos.

4. No caso de autorizacións excepcionais en que concorran as circunstancias establecidas no número 1, letra f), a Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade establecerá os mecanismos necesarios para garantir, baseándose en datos científicos rigorosos, que non existen outras alternativas viables e que o nivel máximo nacional de capturas se axusta ao concepto de «pequenas cantidades». Igualmente, estableceranse as cotas máximas de captura que se poderán conceder, así como os sistemas de control do cumprimento das ditas medidas que deberán ser exercidas antes e durante o período autorizado para efectuar a captura, retención ou explotación prudente, sen prexuízo dos controis adicionais que tamén se deben establecer unha vez transcorrido o dito período.

5. A autorización administrativa a que se refiren os puntos anteriores deberá ser pública, motivada e especificar:

- a) O obxectivo e a xustificación da acción.
- b) As especies a que se refira.
- c) Os medios, as instalacións, os sistemas ou métodos que se van empregar e os seus límites, así como as razóns e o persoal cualificado para o seu emprego.
- d) A natureza e condicións de risco, as circunstancias de tempo e lugar e, se procede, as solucións alternativas non adoptadas e os datos científicos utilizados.
- e) As medidas de control que se aplicarán.

6. As comunidades autónomas comunicarán ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente as autorizacións acordadas segundo o previsto neste artigo, para efectos da súa posterior notificación á Comisión Europea e aos organismos internacionais pertinentes, sinalando, en cada caso, os controis exercidos e os resultados obtidos deles.

7. No caso de captura en vivo de exemplares, os métodos de captura ou marcación deben adoptar a alternativa con menor probabilidade de producir lesións ou provocar mortalidade dos exemplares capturados.

8. A concesión por parte das administracións competentes de autorizacións para a práctica da marcación de exemplares de fauna silvestre, en especial a través do anelamento científico, quedará supeditada a que o solicitante demostre a súa aptitude para o desenvolvemento da actividade, sobre unha base mínima de coñecementos comúns que estableza a Conferencia Sectorial de Medio Ambiente, coa colaboración das entidades e sociedades científicas relacionadas coa marcación.»

Corenta e seis. O artigo 59 pasa a ser artigo 62.

Corenta e sete. O artigo 60 pasa a ser artigo 63, coa seguinte redacción:

«Artigo 63. *Conservación ex situ de material biolóxico e xenético de especies silvestres.*

1. Con obxecto de preservar a diversidade xenética das especies silvestres e de complementar as actuacións de conservación *in situ*, as administracións públicas promoverán a existencia de bancos de material xenético e biolóxico de especies silvestres.

2. A Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade elaborará unhas directrices para impulsar o traballo coordinado entre os bancos de material xenético e biolóxico e as administracións públicas. Estas directrices incluírán, entre outras cuestións, os mecanismos para o impulso do traballo en rede dos bancos, os procedementos de intercambio de información sobre as coleccións, os taxons prioritarios para ser conservados *ex situ* e os mecanismos de coordinación entre

todos os implicados. As directrices serán aprobadas, logo do informe do Consello Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, pola Conferencia Sectorial de Medio Ambiente. Estas estratexias, ou polo menos unha mención de que foron aprobadas, publicaranse no «Boletín Oficial del Estado», con remisión á sede electrónica en que estea publicado o seu contido completo.

3. Daráselle prioridade, entre outros, á conservación de material biolóxico e xenético de taxons da Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial, con especial atención ás especies endémicas ou catalogadas.

4. As comunidades autónomas manterán un rexistro dos bancos de material biolóxico e xenético de especies silvestres sitos no seu territorio, con información actualizada sobre as coleccións conservadas. Para tal efecto, os bancos deberán proporcionar, polo menos anualmente, esta información á Administración competente da súa comunidade autónoma.

5. Créase o Inventario español de bancos de material biolóxico e xenético de especies silvestres, dependente do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, que terá carácter informativo e no cal se incluírán os datos que envorquen as comunidades autónomas.»

Corenta e oito. O artigo 61 pasa a ser o artigo 64 e queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 64. *Catálogo español de especies exóticas invasoras.*

1. Créase o Catálogo español de especies exóticas invasoras, cuxa estrutura e funcionamento se establecerán regulamentariamente e no cal se incluírán, cando exista información técnica ou científica que así o aconselle, todas aquelas especies e subespecies exóticas invasoras que constitúan unha ameaza grave para as especies autóctonas, os hábitats ou os ecosistemas, a agronomía ou para os recursos económicos asociados ao uso do patrimonio natural.

Este catálogo dependerá do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, con carácter administrativo e ámbito estatal.

2. A inclusión dunha especie no Catálogo español de especies exóticas invasoras levaraa a cabo o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, por proposta da Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, logo da iniciativa das comunidades autónomas ou do propio ministerio, cando exista información técnica ou científica que así o aconselle.

Calquera cidadán ou organización poderá solicitar a iniciación do procedemento de inclusión ou exclusión dunha especie ou subespecie xuntando á correspondente solicitude unha argumentación científica da medida proposta.

3. A inclusión no Catálogo español de especies exóticas invasoras comporta a prohibición xenérica de posesión, transporte, tráfico e comercio de exemplares vivos, dos seus restos ou propágulos que poidan sobrevivir ou reproducirse, incluíndo o comercio exterior. Esta prohibición poderá quedar sen efecto, logo de autorización administrativa da autoridade competente, cando sexa necesario por razóns de investigación, saúde ou seguridade das persoas, ou con fins de control ou erradicación, no marco de estratexias, plans e campañas que, para tal efecto, se aproben.

4. As administracións competentes levarán a cabo un seguimento das especies exóticas con potencial invasor, en especial daquelas que demostraron ese carácter noutros países ou rexións, co fin de propoñer, chegado o caso, a súa inclusión no Catálogo español de especies exóticas invasoras.

5. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e as comunidades autónomas, no marco da Comisión estatal para o patrimonio natural e a biodiversidade, elaborarán estratexias que conteñan as directrices de xestión, control e posible erradicación das especies do catálogo español de especies

exóticas invasoras, outorgando prioridade a aquelas especies que supoñan un maior risco para a conservación da fauna, flora ou hábitats autóctonos ameazados, con particular atención á biodiversidade insular. A Conferencia Sectorial de Medio Ambiente, por proposta da Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, e logo do informe do Consello Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, aprobará estas estratexias, que terán carácter orientativo. Estas estratexias, ou polo menos unha mención de que foron aprobadas, publicaranse no «Boletín Oficial del Estado», con remisión á sede electrónica en que estea publicado o seu contido completo.

6. As comunidades autónomas, nos seus respectivos ámbitos territoriais, poderán establecer catálogos de especies exóticas invasoras, determinando as prohibicións e actuacións suplementarias que se consideren necesarias para a súa erradicación.

7. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente aprobará as estratexias para as especies exóticas invasoras mariñas.»

Corenta e nove. Engádese un artigo 64 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 64 bis. *Especies exóticas invasoras de preocupación para a Unión.*

1. A xestión das especies exóticas invasoras preocupantes para a Unión farase conforme o disposto no Regulamento (UE) n.º 1143/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de outubro de 2014, sobre a prevención e a xestión da introdución e propagación de especies exóticas invasoras.

2. O incumprimento das obrigas previstas no citado regulamento comportará a imposición das respectivas sancións previstas no título VI desta lei.»

Cincuenta. Os artigos 62 a 65 pasan a ser os artigos 65 a 68 respectivamente.

Cincuenta e un. O artigo 66 pasa a ser artigo 69, coa seguinte redacción:

«Artigo 69. *Obxectivos da Rede española de reservas da biosfera.*

1. Os obxectivos da Rede española de reservas da biosfera son:

a) Manter un conxunto definido e interconectado de «laboratorios naturais», estacións comparables de seguimento das relacións entre as comunidades humanas e os territorios en que se desenvolven, con especial atención aos procesos de mutua adaptación e aos cambios xerados.

b) Asegurar a efectiva comparación continua e a transferencia da información así xerada aos escenarios en que resulte de aplicación.

c) Promover a xeneralización de modelos de ordenación e xestión sustentable do territorio.

2. O Comité MaB Español é o órgano colexiado de carácter asesor e científico, adscrito ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, cuxa composición, contidos e funcións se definirán regulamentariamente. O Comité exercerá a facultade de coordinación que corresponde ao Estado e poñerá á disposición dos órganos competentes nas reservas da biosfera a estrutura organizativa e os medios necesarios para que a avaliación se realice coas garantías de rigor técnico, obxectividade e comparabilidade que faciliten o cumprimento dos estándares do programa definidos pola UNESCO, asegurando un adecuado equilibrio entre o respecto das autonomías territoriais e a necesidade de evitar que estas conduzan a compartimentacións que descoñezan a propia unidade do sistema, sempre sen prexuízo das funcións que corresponden ao propio órgano de xestión de cada reserva da biosfera nos termos previstos no artigo 70 c).

O Comité MaB realizará as avaliacións preceptivas de cada reserva da biosfera, valorando a súa adecuación aos obxectivos e exixencias establecidas e, se é o caso, propoñerá a corrección dos aspectos contraditorios.»

Cincuenta e dous. O artigo 67 pasa a ser artigo 70, coa seguinte redacción:

«Artigo 70. *Características das reservas da biosfera.*

As reservas da biosfera, para a súa integración e mantemento como tales, deberán respectar as directrices e normas aplicables da UNESCO e contar, como mínimo, con:

a) Unha ordenación espacial integrada por:

1.º Unha ou varias zonas núcleo da reserva que sexan espazos naturais protexidos, ou LIC, ou ZEC, ou ZEPA, da Rede Natura 2000, cos obxectivos básicos de preservar a diversidade biolóxica e os ecosistemas, que contén co adecuado planeamento de ordenación, uso e xestión que potencie basicamente os ditos obxectivos.

2.º Unha ou varias zonas de protección das zonas núcleo, que permitan a integración da conservación básica da zona núcleo co desenvolvemento ambientalmente sustentable na zona de protección a través do correspondente planeamento de ordenación, uso e xestión, específico ou integrado no planeamento das respectivas zonas núcleo.

3.º Unha ou varias zonas de transición entre a reserva e o resto do espazo, que permitan incentivar o desenvolvemento socioeconómico para a mellora do benestar da poboación, aproveitando os potenciais recursos específicos da reserva de forma sustentable, respectando os seus obxectivos e do programa Persoa e biosfera.

b) Unhas estratexias específicas de evolución cara aos obxectivos sinalados, co seu correspondente programa de actuación, e un sistema de indicadores adaptado ao establecido polo Comité MaB Español que permita valorar o grao de cumprimento dos obxectivos do programa MaB.

c) Un órgano de xestión responsable do desenvolvemento das estratexias, liñas de acción e programas e outro de participación pública, no cal estean representados todos os actores sociais da reserva.»

Cincuenta e tres. O artigo 68 pasa a ser artigo 71, coa seguinte redacción:

«Artigo 71. *Acceso e utilización dos recursos xenéticos procedentes de taxons silvestres e distribución de beneficios.*

1. O acceso aos recursos xenéticos procedentes de taxons silvestres e a repartición de beneficios derivados da súa utilización rexeranse polo disposto no Convenio sobre a diversidade biolóxica, no Protocolo de Nagoia sobre acceso aos recursos xenéticos e participación xusta e equitativa nos beneficios que deriven da súa utilización e os seus instrumentos de desenvolvemento, e, se é o caso, no Tratado internacional sobre recursos fitoxenéticos para a alimentación e a agricultura da Organización Mundial para a Alimentación e a Agricultura (FAO).

2. Facendo uso das potestades que lles atribúe aos Estados membros o artigo 15 do Convenio sobre a diversidade biolóxica e o artigo 6 do Protocolo de Nagoia, o acceso a estes recursos xenéticos españois someterase por real decreto aos requisitos de consentimento previo informado e condicións mutuamente acordadas. Como proba de ter prestado o consentimento previo informado e de ter establecido as condicións mutuamente acordadas, emitirase unha autorización de acceso a estes recursos. O real decreto preverá un trámite de autorización simplificado para o acceso a estes recursos xenéticos cando a súa utilización sexa con fins de investigación non comercial.

3. A competencia para prestar o consentimento previo informado, establecer as condicións mutuamente acordadas e, conseguintemente, emitir a autorización de acceso para os recursos xenéticos españois corresponderá ás comunidades autónomas de cuxo territorio procedan os recursos xenéticos ou en cuxo territorio

estean localizadas as institucións de conservación *ex situ*, sempre que a súa orixe sexa española, salvo no suposto da letra c) seguinte.

A Administración xeral do Estado será a competente no suposto dos seguintes recursos:

a) Recursos xenéticos mariños, conforme o disposto no artigo 6 e alíneas d) e e) da disposición adicional primeira desta lei.

b) Recursos xenéticos que se encontren en bens de dominio público de titularidade estatal.

c) Recursos xenéticos que se encontren en institucións de conservación *ex situ* de carácter ou titularidade estatal.

A subministración dos recursos xenéticos de orixe non española que se encontren en institucións de conservación *ex situ* españolas ou estean situados en territorio español rexeráse polo disposto no artigo 72.

d) Recursos xenéticos procedentes de taxons silvestres terrestres cuxa área de distribución abarque máis dunha comunidade autónoma.

4. Queda excluído da regulación de acceso prevista neste artigo o acceso con fins exclusivamente taxonómicos; nestes casos queda prohibida a súa transmisión a terceiros, salvo cando sexa para fins idénticos.

Igualmente quedan excluídos:

a) Os recursos fitoxenéticos para a agricultura e a alimentación, que se regulan pola Lei 30/2006, do 26 de xullo, de sementes e plantas de viveiro e de recursos fitoxenéticos.

b) Os recursos pesqueiros regulados pola Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.

c) Os recursos zootenéticos para a agricultura e a alimentación, que se rexerán pola súa normativa específica.

5. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente actuará, conforme o disposto no Protocolo de Nagoia, como punto focal nacional sobre acceso a recursos xenéticos e participación xusta e equitativa nos beneficios que deriven da súa utilización. A Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas, no exercicio das competencias previstas neste artigo, designarán as súas autoridades competentes de acceso aos recursos xenéticos, que deberán ser notificadas ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente como punto focal nacional na materia. O punto focal nacional será o encargado de prover información aos interesados en acceder aos recursos xenéticos en España sobre as condicións e sobre as autoridades competentes de acceso aos recursos xenéticos coas cales estes deben contactar.

6. As autoridades competentes de acceso aos recursos xenéticos notificarán as autorizacións, cuxos contidos se axustarán ao establecido no Protocolo de Nagoia e aos seus mecanismos de desenvolvemento, ao punto focal nacional. O punto focal nacional trasladará ao Centro de Intercambio de Información previsto no Protocolo de Nagoia, momento en que se converterán nos certificados de cumprimento internacionalmente recoñecidos.

O real decreto establecerá tamén os modelos, que serán os mesmos en todo o territorio nacional.

Se se pretende obter patentes a partir dos recursos xenéticos, a solicitude de patente rexeráse polo disposto na lexislación vixente en materia de patentes. No desenvolvemento regulamentario da dita lexislación participará o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

Cando no transcurso dunha investigación con recursos xenéticos obtidos con fins non comerciais devese unha posible utilización comercial, o interesado deberá solicitar unha nova autorización á autoridade competente.

7. Os beneficios derivados da utilización dos recursos xenéticos serán destinados principalmente á conservación da biodiversidade e ao uso sustentable dos seus compoñentes. No caso dos recursos xenéticos cuxo acceso fose concedido pola Administración xeral do Estado, os beneficios que deriven da súa utilización canalizaranse a través do Fondo para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade.

8. As distintas autoridades competentes de acceso aos recursos xenéticos serán as encargadas de velar pola correcta utilización dos recursos xenéticos aos cales outorgaron o acceso. Nos supostos en que as autoridades competentes de acceso aos recursos xenéticos detecten infraccións no acceso ou na utilización dos recursos xenéticos baixo a súa competencia, por parte de usuarios que se encontran fóra do territorio español, estes notificarán a dita información ao punto focal nacional para que se establezan as oportunas consultas co país en que se producise esa posible utilización irregular de recursos xenéticos españois.

9. O real decreto preverá a creación dun comité especializado dentro da Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade no cal estarán representadas as comunidades autónomas, así como os departamentos ministeriais que se vexan afectados polo seguimento das cuestións referidas neste artigo, no artigo 72 e nos ordinais segundo, terceiro e cuarto do artigo 74.

10. Con independencia do establecido neste artigo, as comunidades autónomas, no seu ámbito territorial, poderán establecer condicións ao acceso de recursos xenéticos *in situ* cando a súa recolección requira de especial protección para preservar a súa conservación e utilización sustentable, o cal lle notificarán ao órgano designado polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente como punto focal nacional na materia, para efectos de que este informe os órganos de cooperación da Unión Europea competentes na materia e os órganos do Convenio sobre a diversidade biolóxica.»

Cincuenta e catro. Engádese o artigo 72, coa seguinte redacción:

«Artigo 72. *Control da utilización dos recursos xenéticos.*

1. O seguimento e as medidas de cumprimento da utilización dos recursos xenéticos en España farase conforme o disposto no Regulamento (UE) 511/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, relativo ás medidas de cumprimento dos usuarios do Protocolo de Nagoia sobre ao acceso aos recursos xenéticos e participación xusta e equitativa nos beneficios que deriven da súa utilización na Unión. O real decreto de desenvolvemento dos artigos 71 e 72 incluírá a designación das autoridades responsables da aplicación do citado Regulamento 511/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014.

2. O incumprimento das obrigas previstas no citado regulamento comportará a imposición das respectivas infraccións e sancións previstas no título VI desta lei.»

Cincuenta e cinco. O artigo 69 pasa a ser artigo 73.

Cincuenta e seis. O artigo 70 pasa a ser artigo 74, coa seguinte redacción:

«Artigo 74. *Promoción dos coñecementos tradicionais para a conservación do patrimonio natural e da biodiversidade.*

1. De acordo coas normas, resolucións e principios do Convenio sobre a diversidade biolóxica e da Organización Mundial de Propiedade Intelectual, as administracións públicas:

a) Preservarán, manterán e fomentarán os coñecementos e as prácticas de utilización consuetudinaria que sexan de interese para a conservación e o uso sustentable do patrimonio natural e da biodiversidade.

b) Promoverán que os beneficios derivados da utilización destes coñecementos e prácticas se compartan equitativamente.

c) Promoverán a realización de inventarios dos coñecementos tradicionais relevantes para a conservación e o uso sustentable da biodiversidade e xeodiversidade, con especial atención aos etnobotánicos. Estes integraranse no Inventario español dos coñecementos tradicionais relativos ao patrimonio natural e da biodiversidade.

2. A utilización en España de coñecementos tradicionais asociados a recursos xenéticos provenientes dun terceiro país axustarase ao disposto na normativa nacional de acceso aos coñecementos tradicionais asociados a recursos xenéticos do dito país. Todo isto conforme o Protocolo de Nagoia.

3. O seguimento e as medidas de cumprimento da utilización de coñecementos tradicionais asociados a recursos xenéticos provenientes dun terceiro país parte do Protocolo de Nagoia levarase a cabo conforme o Regulamento 511/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014.

4. O incumprimento das obrigas previstas no mencionado regulamento comportará a imposición das respectivas infraccións e sancións previstas no título VI desta lei.

5. En canto á protección dos coñecementos tradicionais do Inventario español dos coñecementos tradicionais relativos á biodiversidade e á súa relación cos dereitos de propiedade intelectual e industrial, aplicarase o que se estableza na lexislación internacional e, se é o caso, na lexislación vixente en materia de patentes.»

Cincuenta e sete. Os artigos 71 a 73 pasan a ser 75 a 77, respectivamente
Cincuenta e oito. O artigo 74 pasa a ser artigo 78 e queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 78. *O Fondo para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade.*

1. Créase o Fondo para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, con obxecto de poñer en práctica aquelas medidas destinadas a apoiar a consecución dos obxectivos desta lei, así como a xestión forestal sustentable, a prevención estratéxica de incendios forestais e a protección de espazos forestais e naturais en cuxo financiamento participe a Administración xeral do Estado.

Este fondo poderá financiar accións de natureza plurianual e actuará como instrumento de cofinanciamento destinado a asegurar a cohesión territorial. O Fondo dotarase coas partidas asignadas nos orzamentos xerais do Estado, incluídas as dotacións que sexan obxecto de cofinanciamento por parte daqueles instrumentos financeiros comunitarios destinados aos mesmos fins e con outras fontes de financiamento que se poidan establecer no futuro.

2. Serán obxectivos do Fondo:

a) Promover, a través dos incentivos adecuados, o investimento, a xestión e ordenación do patrimonio natural, a biodiversidade e a xeodiversidade, en particular, a elaboración de plans, instrumentos e proxectos de xestión de espazos naturais protexidos, da Rede Natura 2000 e das áreas protexidas por instrumentos internacionais, e de ordenación dos recursos naturais, así como da conservación *in situ* e *ex situ* de especies do Catálogo español de especies ameazadas.

b) Desenvolver outras accións e crear outros instrumentos adicionais que contribúan á defensa e sustentabilidade dos espazos naturais protexidos, da Rede Natura 2000 e das áreas protexidas por instrumentos internacionais, e de ordenación dos recursos naturais, así como da conservación de especies do Catálogo español de especies ameazadas.

c) Facer viables os modelos sustentables de conservación do patrimonio natural e da biodiversidade, en especial, en espazos naturais protexidos, na Rede Natura 2000 e nas áreas protexidas por instrumentos internacionais.

d) Contribuír á execución das medidas incluídas nas estratexias e plans de conservación de hábitats en perigo de desaparición e especies catalogadas.

e) Promover, a través dos incentivos adecuados, o investimento, a xestión e ordenación forestal, en particular, a elaboración de proxectos de ordenación de montes ou de plans dasocráticos.

f) Instituír mecanismos financeiros destinados a facer viables os modelos de xestión sustentable en materia de silvicultura, actividades cinexéticas e piscícolas.

g) Valorizar e promover as funcións ecolóxicas, sociais e culturais dos espazos forestais e as levadas a cabo polos axentes sociais e económicos ligados aos espazos naturais protexidos e á Rede Natura 2000, así como apoiar os servizos ambientais e de conservación de recursos naturais.

h) Apoiar as accións de prevención de incendios forestais.

i) Apoiar as accións de eliminación doutros impactos graves para o patrimonio natural e a biodiversidade, en especial o control e a erradicación de especies exóticas invasoras e a fragmentación dos hábitats.

j) Incentivar a agrupación da propiedade forestal para o desenvolvemento de explotacións forestais conxuntas que favorezan a xestión forestal sustentable.

k) Promover a obtención da certificación forestal.

l) Financiar accións específicas de investigación aplicada, demostración e experimentación relacionadas coa conservación do patrimonio natural, a biodiversidade e a xeodiversidade.

m) Financiar accións específicas relacionadas coa custodia do territorio.

n) Promover o uso e o apoio á produción e comercialización de produtos procedentes de espazos naturais protexidos, Rede Natura 2000 e bosques certificados.

o) Promover a preservación, o mantemento e o fomento dos coñecementos e as prácticas de utilización consuetudinaria que sexan de interese para a conservación e o uso sustentable do patrimonio natural e da biodiversidade mediante, entre outros procedementos, a incentivación dos axentes que os aplican.

p) Desenvolver outras accións e obxectivos complementarios que contribúan á defensa e sustentabilidade do patrimonio natural e da biodiversidade.

q) Promover a produción ecolóxica nas zonas incluídas en espazos naturais protexidos, na Rede Natura 2000 e reservas da biosfera.

r) Financiar accións específicas de prevención da erosión e desertificación, preferentemente nos espazos naturais protexidos, na Rede Natura 2000 e reservas da biosfera.

s) Incentivar os estudos e as prospeccións que persigan o desenvolvemento e a actualización do Inventario español do patrimonio natural e da biodiversidade.

t) Impulsar iniciativas de divulgación que favorezan o coñecemento e a sensibilización social pola conservación e polo uso sustentable do patrimonio natural español.

3. A execución das accións que se financien con cargo ao Fondo corresponderá, nos seus respectivos ámbitos de competencia, á Administración xeral do Estado e ás comunidades autónomas, coas cales previamente se terán establecido, mediante convenio, as medidas que se van cofinanciar.

4. Mediante real decreto, logo de consulta coas comunidades autónomas, regularase o funcionamento do Fondo para o patrimonio natural, que garantizará a participación destas, singularmente en todos aqueles obxectivos do Fondo que incidan sobre as súas competencias.

5. As administracións traballarán desde o principio de subsidiariedade dando participación, nas accións e beneficios das medidas propostas, aos habitantes e aos propietarios dos territorios beneficiados polas medidas promovidas polo Fondo.»

Sesenta. O artigo 76 pasa a ser o artigo 80, e queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 80. *Tipificación e clasificación das infraccións.*

1. Para os efectos desta lei, e sen prexuízo do que dispoña ao respecto a lexislación autonómica, consideraranse infraccións administrativas:

a) A utilización de produtos químicos ou de substancias biolóxicas, a realización de verteduras, tanto líquidas como sólidas, o derramamento de residuos, así como o depósito de elementos sólidos para recheos, que alteren as condicións dos ecosistemas con dano para os valores contidos neles. Da mesma forma, terán a consideración de infracción a comisión dos feitos anteriormente mencionados aínda cando non se producisen danos, sempre que existise un risco serio de alteración das condicións dos ecosistemas.

b) A destrución, morte, deterioración, recolección, comercio ou intercambio, captura e oferta con fins de venda ou intercambio ou naturalización non autorizadas de especies de flora e fauna catalogadas en perigo de extinción, así como a dos seus propágulos ou restos.

c) A destrución ou deterioración de hábitats incluídos na categoría de «en perigo de desaparición» do Catálogo español de hábitats en perigo de desaparición.

d) A destrución do hábitat de especies en perigo de extinción, en particular do lugar de reprodución, invernada, repouso, pasto ou alimentación.

e) A destrución ou deterioración significativa dos compoñentes dos hábitats incluídos na categoría de «en perigo de desaparición» do Catálogo español de hábitats en perigo de desaparición.

f) En ausencia da correspondente autorización administrativa a posesión, transporte, tráfico ou comercio de especies incluídas no Catálogo español de especies exóticas invasoras, a importación ou introdución por primeira vez no territorio nacional, ou a primeira liberación ao medio dunha especie susceptible de competir coas especies autóctonas.

g) A introdución, mantemento, cría, transporte, comercialización, utilización, intercambio, reprodución, cultivo ou liberación no medio natural de especies exóticas invasoras preocupantes para a Unión sen permiso ou autorización administrativa.

h) A alteración das condicións dun espazo natural protexido ou dos produtos propios del mediante ocupación, cava, corta, arranque ou outras accións.

i) A instalación de carteis de publicidade ou a produción de impactos paisaxísticos sensibles nos espazos naturais protexidos.

j) A deterioración ou alteración significativa dos compoñentes de hábitats prioritarios de interese comunitario ou a destrución de compoñentes, ou deterioración significativa do resto de compoñentes de hábitats de interese comunitario.

k) A destrución, morte, deterioración, recolección, posesión, comercio ou intercambio, captura e oferta con fins de venda ou intercambio ou naturalización non autorizada de especies de flora e fauna catalogadas como vulnerables, así como a de propágulos ou restos.

l) A destrución do hábitat de especies vulnerables, en particular do lugar de reprodución, invernada, repouso, pasto ou alimentación e as zonas de especial protección para a flora e fauna silvestres.

m) A captura, persecución inxustificada de especies de fauna silvestre e o arranque e corta de especies de flora naqueles supostos en que sexa necesaria autorización administrativa, de acordo coa regulación específica da lexislación de montes, caza e pesca continental, cando non se obtivese a dita autorización.

n) A destrución, morte, deterioración, recolección, posesión, comercio ou intercambio, captura e oferta con fins de venda ou intercambio ou naturalización non autorizada de especies de flora e fauna incluídas na Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial, que non estean catalogadas, así como a de propágulos ou restos.

o) A destrución do hábitat de especies incluídas na Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial que non estean catalogadas, en particular do lugar de reprodución, invernada, repouso, pasto ou alimentación.

p) A perturbación, morte, captura e retención intencionada de especies de aves nas épocas de reprodución e crianza, así como durante o seu traxecto de regreso cara aos lugares de cría no caso das especies migratorias.

q) A alteración significativa dos hábitats de interese comunitario.

r) A tenza e o uso de munición que conteña chumbo durante o exercicio da caza e o tiro deportivo, cando estas actividades se exerzan en zonas húmidas incluídas na Lista do convenio relativo a zonas húmidas de importancia internacional, en zonas húmidas incluídas na Rede Natura 2000 e nas zonas húmidas incluídas en espazos naturais protexidos.

s) O incumprimento das obrigas e prohibicións establecidas nas normas reguladoras e nos instrumentos de xestión, incluídos os plans, dos espazos naturais protexidos e espazos protexidos Rede Natura 2000.

t) A subministración ou almacenamento de combustible mediante a fondeadura permanente de buques-tanque nas augas comprendidas dentro dos espazos naturais protexidos e dos espazos protexidos Rede Natura 2000, a recepción do dito combustible, así como o abastecemento de combustible aos referidos buques-tanque.

Considerarase que a fondeadura é permanente aínda que haxa eventuais períodos de ausencia do buque ou se substitúa este por outro da mesma compañía, armador ou grupo, sempre que a finalidade da fondeadura sexa o almacenamento para a subministración de combustible.

u) O acceso aos recursos xenéticos de orixe española sen ter respectado os procedementos sinalados no artigo 71.

v) A utilización de recursos xenéticos ou coñecementos tradicionais asociados a recursos xenéticos sen ter respectado as obrigas previstas no Regulamento (UE) 511/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, relativo ás medidas de cumprimento dos usuarios do Protocolo de Nagoia sobre o acceso aos recursos xenéticos e participación xusta e equitativa nos beneficios que deriven da súa utilización na Unión, mencionadas nos artigos 72 e 74 da presente lei.

w) A reintrodución de especies de fauna e flora autóctonas que non se segue o disposto no artigo 55.

x) O incumprimento dos demais requisitos, obrigas ou prohibicións establecidos nesta lei.

2. As infraccións recollidas no punto anterior cualificaranse da seguinte forma:

a) Como moi graves, as recollidas nas alíneas a), b), c), d), e), f), g) e t) se a valoración dos danos supera os 100.000 euros; e as recollidas nas alíneas b), k), n), t), u) e v), cando os beneficios obtidos superen os 100.000 euros; así como as recollidas en calquera dos demais puntos, se a valoración dos danos supera os 200.000 euros; e a reincidencia cando se cometa unha infracción grave do mesmo tipo que a que motivou unha sanción anterior, no prazo dos dous anos seguintes á notificación desta, sempre que a resolución sancionadora adquirise firmeza en vía administrativa.

b) Como graves, as recollidas nas alíneas a), b), c), d), e), f), g), h), i), j), k), l), m), n), o), t), u), v) e w) cando non teñan a consideración de moi graves; as recollidas nas alíneas p), q), r), s) e x), se a valoración dos danos supera os 100.000 euros; e a reincidencia cando se cometa unha infracción leve do mesmo tipo que a que motivou unha sanción anterior no prazo dos dous anos seguintes á notificación desta, sempre que a resolución sancionadora adquirise firmeza en vía administrativa.

c) Como leves, as recollidas nas alíneas p), q), r), s) e x), se non se producisen danos ou a súa valoración non supera os 100.000 euros.»

Sesenta e un. O artigo 77 pasa a ser o artigo 81 e queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 81. *Clasificación das sancións.*

1. As infraccións tipificadas no artigo anterior serán sancionadas coas seguintes multas:

- a) Infraccións leves, con multas de 100 a 3.000 euros.
- b) Infraccións graves, con multas de 3.001 a 200.000 euros.
- c) Infraccións moi graves, con multas de 200.001 a 2.000.000 de euros, sen prexuízo de que as comunidades autónomas poidan aumentar o importe máximo.

2. Na imposición das sancións deberase gardar a debida adecuación entre a gravidade do feito constitutivo da infracción e a sanción aplicada, tendo en conta os seguintes criterios: a magnitude do risco que supón a conduta infractora e a súa repercusión; a contía, se é o caso, dos danos ocasionados; a súa transcendencia polo que respecta á seguridade das persoas ou bens protexidos por esta lei; as circunstancias do responsable; o grao de intencionalidade apreciable no infractor ou infractores; e, se é o caso, o beneficio ilícitamente obtido como consecuencia da conduta infractora, así como a irreversibilidade dos danos ou deterioracións producidos.

3. No caso do incumprimento da obriga de dilixencia debida prevista no Regulamento (UE) 511/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, relativo ás medidas de cumprimento dos usuarios do Protocolo de Nagoia sobre ao acceso aos recursos xenéticos e participación xusta e equitativa nos beneficios que deriven da súa utilización na Unión, poderase igualmente proceder á inmediata suspensión das actividades específicas de utilización do recurso xenético en cuestión, como a comercialización de produtos baseados nos recursos xenéticos e coñecementos tradicionais asociados ou á confiscación dos recursos xenéticos obtidos ilegalmente.

4. A sanción das infraccións tipificadas nesta lei corresponderá aos órganos competentes da Administración do Estado ou das comunidades autónomas, nos seus respectivos ámbitos de competencias.

Compételle á Administración xeral do Estado, a través do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, a imposición de sancións naqueles supostos en que a infracción administrativa recaese no seu ámbito de competencias.

5. A Administración instrutora poderá acordar a imposición de multas coercitivas, reiteradas por lapsos de tempo que sexan suficientes para cumprir o ordenado, se os infractores non proceden á reparación ou indemnización, de acordo co establecido no artigo 79. A imposición das ditas multas coercitivas exixirá que no requirimento se indique o prazo de que se dispón para o cumprimento da obriga e a contía da multa que pode ser imposta. En todo caso, o prazo deberá ser suficiente para cumprir a obriga. No caso de que, unha vez imposta a multa coercitiva, se mantenga o incumprimento que a motivou, poderá reiterarse as veces que sexan necesarias ata o cumprimento da obriga, sen que, en ningún caso, o prazo fixado nos novos requirimentos poida ser inferior ao fixado no primeiro. As multas coercitivas son independentes e compatibles coas que se poidan impoñer en concepto de sanción.

6. No ámbito da Administración xeral do Estado, a contía de cada unha das ditas multas coercitivas non excederá os 3.000 euros.

7. O Goberno poderá, mediante real decreto, proceder á actualización das sancións previstas no número 1.»

Sesenta e dous. Os artigos 78 e 79 pasan a ser os artigos 82 e 83, respectivamente.

Sesenta e tres. Modifícase a disposición adicional primeira, que queda redactada da seguinte maneira:

«Disposición adicional primeira. *Exercicio das competencias da Administración xeral do Estado sobre os espazos, hábitats e especies mariños.*

Sen prexuízo do disposto na Lei 41/2010, do 29 de decembro, e das competencias que lles corresponden ás comunidades autónomas nesta materia, o exercicio das competencias estatais sobre os espazos, hábitats e especies mariños axustarase ao establecido nos parágrafos seguintes:

a) A protección, conservación e rexeneración dos recursos pesqueiros nas augas exteriores regularase polo disposto no título I, capítulos II e III, da Lei 3/2001, do 26 de marzo.

b) As limitacións ou prohibicións da actividade pesqueira nas augas exteriores dos espazos naturais protexidos e espazos protexidos Rede Natura 2000 serán fixadas polo Goberno, de conformidade cos criterios establecidos na normativa ambiental, de acordo co disposto no artigo 18 da Lei 3/2001, do 26 de marzo.

c) As limitacións ou prohibicións establecidas en materia de mariña mercante, de portos de interese xeral e de sinalización marítima en espazos naturais protexidos e espazos protexidos Rede Natura 2000, situados no medio mariño, serán adoptadas polo Goberno de acordo co disposto no Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante.

d) As funcións da Administración xeral do Estado no medio mariño, zona económica exclusiva e plataforma continental en materia de defensa, pesca e cultivos mariños, mariña mercante, portos de interese xeral e sinalización marítima, extraccións de restos, protección do patrimonio arqueolóxico español, investigación e explotación de recursos ou outras non reguladas nesta lei, serán exercidas na forma e polos departamentos ou organismos que as teñan encomendadas, sen prexuízo do establecido na lexislación específica ou nos convenios internacionais que, se é o caso, sexan de aplicación.

e) Fomento da coordinación entre as políticas de conservación e uso sustentable da biodiversidade e a paisaxe e os programas nacionais de investigación.»

Sesenta e catro. Modifícase a disposición adicional terceira, que queda redactada da seguinte maneira:

«Disposición adicional terceira. *Recursos pesqueiros e recursos fitoxenéticos e zootoxenéticos para a agricultura e a alimentación.*

Salvo para o previsto no artigo 71, quedan excluídos do ámbito de aplicación desta lei:

a) Os recursos fitoxenéticos para a agricultura e a alimentación, que se regulan pola Lei 30/2006, do 26 de xullo, de sementes e plantas de viveiro e de recursos fitoxenéticos.

b) Os recursos pesqueiros regulados pola Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.

c) Os recursos zootoxenéticos para a agricultura e a alimentación, que se rexerán pola súa normativa específica.»

Sesenta e cinco. Suprímense os ordinais segundo e terceiro da disposición adicional cuarta.

Sesenta e seis. Engádesse unha disposición adicional oitava coa seguinte redacción:

«Disposición adicional oitava. *Condiciónalidade das axudas.*

As axudas públicas financiadas exclusivamente con fondos nacionais e as transferencias de fondos nacionais ás comunidades autónomas para calquera fin

previsto nesta norma quedarán vinculadas ao efectivo cumprimento das obrigas de subministración de información previstas nesta lei.»

Sesenta e sete. Engádese unha disposición adicional novena coa seguinte redacción:

«Disposición adicional novena. *Exención de taxas urbanísticas para obras de interese xeral.*

A Administración xeral do Estado quedará exenta do aboamento de taxas pola expedición das licenzas que sexan exhibibles de acordo coa lexislación urbanística, polas obras que se declaren de interese xeral conforme o previsto no artigo 4.3.»

Sesenta e oito. Engádese unha disposición adicional décima coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décima. *Avaliación ambiental dos plans de xestión de espazos naturais protexidos ou dos lugares da Rede Natura 2000.*

Só os plans de xestión de espazos naturais protexidos ou dos lugares da Rede Natura 2000 que establezan o marco para a futura autorización de proxectos legalmente sometidos a avaliación de impacto ambiental nos termos previstos no artigo 6.1.a) da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, deberán someterse a avaliación ambiental estratéxica.»

Sesenta e nove. Engádese unha disposición adicional décimo primeira coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo primeira. *Uso do espazo aéreo, tránsito e transporte aéreo.*

1. As limitacións ou prohibicións de voo ás aeronaves nos espazos naturais protexidos e nos espazos protexidos da Rede Natura 2000 serán establecidas polo Goberno de conformidade co previsto no artigo 3 da Lei 48/1960, do 21 de xullo, sobre navegación aérea.

2. Na tramitación das limitacións ou prohibicións a que se refire o punto anterior solicitarase con carácter preceptivo o informe da Comisión Interministerial de Defensa e Fomento.»

Setenta. Engádese unha disposición adicional décimo segunda coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo segunda. *Bens afectados á Defensa Nacional, ao Ministerio de Defensa ou ao uso das Forzas Armadas.*

Nos procedementos de elaboración dos plans de ordenación de recursos naturais e nos de declaración e determinación da fórmula de xestión que a Administración competente determine en cada caso para os espazos naturais protexidos e espazos protexidos Rede Natura 2000, nos cales resulten afectados terreos, edificacións e instalacións, incluídas as súas zonas de protección, afectos á Defensa Nacional, solicitarase informe do Ministerio de Defensa, que terá carácter vinculante no que afecta a Defensa Nacional e o cal deberá ser emitido no prazo de dous meses.»

Setenta e un. Modifícase a disposición derogatoria, que queda redactada da seguinte maneira:

«Disposición derogatoria. *Derrogación normativa.*

1. Quedan derogadas as disposicións de carácter xeral que se opoñan ao establecido nesta lei e, en particular, a Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres, a disposición adicional primeira da Lei 10/2006, do 28 de abril, pola que se modifica a Lei 43/2003, do 21 de

novembro, de montes, e os anexos I, II, III, IV, V e VI do Real decreto 1997/1995, do 7 de decembro, polo que se establecen medidas para contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.

2. Así mesmo, derróganse, no referente á caza con chamariz, os seguintes artigos: os artigos 23.5.a), b) e c); 31.15; e 34.2 da Lei 1/1970, do 4 de abril, de caza, e os artigos 25.13.a), b) e c); 33.15, 33.18, 33.19; 37; 48.1.15; 48.2.17; 48.2.31 e 48.3.46 do Decreto 506/1971, do 25 de marzo, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei de caza.

3. O artigo 10 do Real decreto 139/2011, do 4 de febreiro, para o desenvolvemento da Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial e do Catálogo español de especies ameazadas queda derrogado polo artigo 60.2 desta lei.

4. A disposición adicional primeira da Lei 41/2010, de protección do medio mariño, queda derrogada polo artigo 71 desta lei.»

Setenta e dous. Modifícase a disposición derradeira segunda, que queda redactada da seguinte maneira:

«Disposición derradeira segunda. *Títulos competenciais.*

1. Esta lei ten carácter de lexislación básica sobre protección do ambiente, de conformidade co disposto no artigo 149.1.23.^a da Constitución española, salvo as seguintes disposicións, nas cales, ademais de ditarse ao abeiro do dito artigo, se ditan ao abeiro dos seguintes títulos competenciais: o artigo 53, que se dita ao abeiro do artigo 149.1.8.^a, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de ordenación dos rexistros; o artigo 4.3 e o segundo inciso do artigo 60.2, que se ditan ao abeiro do artigo 149.1.24.^a, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre obras públicas de interese xeral; os números 2, 3 e 4 do artigo 54 e o artigo 71, que constitúen lexislación sobre comercio exterior ditada ao abeiro do artigo 149.1.10.^a, e a disposición adicional sexta, que constitúe competencia exclusiva en materia de relacións internacionais ditada ao abeiro do artigo 149.1.3.^a da Constitución.

2. Non son básicos o artigo 76.2 e a disposición adicional primeira, que serán só de aplicación á Administración xeral do Estado, aos seus organismos públicos e ás axencias estatais.»

Setenta e tres. Modifícase o anexo VIII da lei, que quedará redactado da seguinte maneira:

«ANEXO VIII

Xeodiversidade do territorio español

I. Unidades xeolóxicas máis representativas

1. Estructuras e formacións xeolóxicas singulares do oróxeno varisco no Macizo Ibérico.
2. Estructuras e formacións xeolóxicas singulares do baseamento, unidades alóctonas e cobertoira mesocenoica das cordilleiras alpinas.
3. Estructuras e formacións xeolóxicas singulares das bacías cenozoicas continentais e mariñas.
4. Sistemas volcánicos.
5. Depósitos, solos edáficos e formas de modelaxe singulares representativos da acción do clima actual e do pasado.
6. Depósitos e formas de modelaxe singulares de orixe fluvial, lacustre e eólica.

7. Depósitos e formas de modelaxe costeiras e litorais.
8. Sistemas cársticos en carbonatos e evaporitas.

II. Contextos xeolóxicos de España de relevancia mundial

1. Rede fluvial, rañas e relevos apalachianos do Macizo Ibérico.
2. Costas da Península Ibérica.
3. Sistemas cársticos en carbonatos e evaporitas da Península Ibérica e Baleares.
4. Sucesións estratigráficas do Paleozoico inferior e medio do Macizo Ibérico.
5. O Carbonífero da Zona Cantábrica.
6. O «rifting» de Panxea e as sucesións mesozoicas das cordilleiras Bética e Ibérica.
7. Fósiles e icnofósiles do Mesozoico continental da Península Ibérica.
8. Seccións estratigráficas do límite Cretácico-Paleóxeno.
9. Bacías sinoroxénicas surpirenaicas.
10. Bacías cenozoicas continentais e xacementos de vertebrados asociados do Levante español.
11. Unidades olistostrómicas do antepaís bético.
12. Episodios evaporíticos messinienses (crises de salinidade mediterránea).
13. Xacementos de vertebrados do Plioceno e Plistoceno españois.
14. Vulcanismo neoxeno e cuaternario da Península Ibérica.
15. Edificios e morfloxías volcánicas das illas Canarias.
16. O oróxeno varisco ibérico.
17. Extensión miocena no Dominio de Alborán.
18. Mineralizacións de mercurio da rexión de Almadén.
19. A faixa pirítica ibérica.
20. As mineralizacións de Pb-Zn e Fe do urgoniano da bacía vasco-cantábrica.
21. Complexos ofiolíticos da Península Ibérica.»

Disposición adicional única. *Gasto público.*

As medidas incluídas nesta lei non poderán supoñer ningún incremento de dotacións, nin de retribucións, nin doutros gastos de persoal.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade ambiental.*

1. A alínea b) do artigo 2.1 da Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade ambiental, queda redactada da seguinte maneira:

«b) Os danos ás augas, entendidos como calquera dano que produza efectos adversos significativos:

1.º Tanto no estado ecolóxico, químico e cuantitativo das masas de augas superficiais ou subterráneas, como no potencial ecolóxico das masas de auga artificiais e moi modificadas. Para tales efectos, aplicaranse as definicións que establece a lexislación de augas.

Non terán a consideración de danos ás augas os efectos adversos aos cales lles sexa de aplicación o artigo 39 do Regulamento da planificación hidrolóxica, aprobado polo Real decreto 907/2007, do 6 de xullo.

2.º No estado ambiental das augas mariñas, tal e como se define na Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección de medio mariño, na medida en que diversos aspectos do estado ambiental do medio mariño non estean xa cubertos polo texto refundido da Lei de augas aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo.»

2. O artigo 45.3 da Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade ambiental, queda redactado da seguinte maneira:

«3. A autoridade competente deberá resolver e notificar no prazo máximo de seis meses. En casos científica e tecnicamente complexos, a autoridade poderá ampliar este prazo ata tres meses adicionais, e notificaralles aos interesados a dita ampliación. Para os únicos efectos de permitir aos interesados a interposición dos recursos administrativos ou contencioso-administrativos que sexan procedentes, transcorrido o prazo mencionado entenderase desestimada a solicitude ou producirase a caducidade do procedemento iniciado de oficio nos termos previstos no artigo 44.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, sen prexuízo da obriga inescusable da autoridade competente de resolver.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera.*

Engádesse un terceiro parágrafo ao número 2 do artigo 13 da Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera, de forma que o número 2 do artigo 13 quedará redactado da seguinte maneira:

«2. Sen prexuízo dos demais medios de intervención administrativa na actividade dos cidadáns exixibles por outras disposicións, quedan sometidas a procedemento de autorización administrativa das comunidades autónomas, e nos termos que estas determinen, a construción, montaxe, explotación, traslado ou modificación substancial daquelas instalacións nas cales se desenvolvan algunha das actividades incluídas no catálogo recollido no anexo IV desta lei e que figuran no dito anexo como pertencentes aos grupos A e B. As actividades incluídas no grupo A estarán suxeitas a uns requisitos de control de emisións máis exixentes que aquelas incluídas no grupo B.

Estas autorizacións concederanse por un tempo determinado que en ningún caso será superior a oito anos, pasado o cal poderán ser renovadas por períodos sucesivos.

O órgano competente para outorgar a autorización ditará a resolución que poña fin ao procedemento no prazo máximo de nove meses. Transcorrido este prazo sen se ter notificado resolución expresa, poderase entender desestimada a solicitude presentada.»

Disposición derradeira terceira. *Incorporación do dereito da Unión Europea.*

Esta lei incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 92/43/CEE, do 21 de maio, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres; a Directiva 2009/147/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de novembro de 2009, relativa á conservación das aves silvestres, e o Regulamento 511/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, relativo ás medidas de cumprimento dos usuarios do Protocolo de Nagoia sobre ao acceso aos recursos xenéticos e participación xusta e equitativa nos beneficios que deriven da súa utilización na Unión.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor aos quince días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 21 de setembro de 2015.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY